

# ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano colexiado</b>
PLN/2024/6	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

25 de abril de 2024

**Duración:**

Desde las 20:32 hasta las 23:39

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretaria:**

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	NON
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta sesión número 2024/1, extraordinaria do 22 de xaneiro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/1 extraordinaria do 22 de xaneiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN:** Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/1, extraordinaria do 22 de xaneiro; **sendo aprobada por NOVE VOTOS A favor dos/das Sres./Sras. Concelleiros/Concelleiras Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Castiñeira Alén, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Fernández Pérez, e Guerra García, e DUAS ABSTENCIÓNS dos/das Sres./Sras. Concelleiros/Concelleiras Tourón Domínguez e Gregorio Vaqueiro por non asistir á sesión.**

b) Acta sesión número 2024/3, ordinaria do 29 de febreiro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/3 ordinaria do 29 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sr. Núñez Troncoso:** Na páxina 28 na miña intervención na cuarta liña pon “24.000” e sería “24,10%”

**Sr. Rodríguez Canosa:** Na páxina 18 na terceira liña empezando por abaixo onde aparece “ese plan de axuste estimábase en 175.000 o incremento” debería por “275.000”

**VOTACIÓN:** Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/3, ordinaria do 29 de febreiro; **sendo aprobada por DEZ VOTOS A favor dos/das Sres./Sras. Concelleiros/Concelleiras Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Castiñeira Alén, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Fernández Pérez,**



**Tourón Domínguez e Guerra García, e UNHA ABSTENCIÓNS do Sr. Concelleiro Gregorio Vaqueiro por non asistir á sesión.**

<b>Expediente 726/2024. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Ordinaria</b>
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

### **Resolución:**

**Sr. Rodríguez Canosa:** Traemos un segundo extraxudicial de crédito que como ben sabedes é unha figura que se utiliza cando hai facturas que van a unha partida determinada que non dispón de crédito, faise un recoñecemento para dotar de crédito esa partida e impútanse ao seguinte orzamento. Neste caso é un recoñecemento de un total de 15.399,87 euros e consta da cota do GDR do 2023 que non se puido pagar no orzamento ordinario debido a que as cotas van subindo importes segundo o IPC e distintas baremacións e polo tanto esa partida quedouse sen crédito suficiente polo tanto tráese a este recoñecemento e por outro lado trátanse de facturas que contan con subvención, son gastos subvencionados que non son gastos de fondos propios do Concello e pertencen catro das facturas ao Obradoiro de Emprego e outra, a máis grande de maior importe, de 10.328,62 euros o servizo de Atención Temperá. Un REC pequeno para poder aprobar estas facturas que entraron no exercicio 2024 e impútanse ao exercicio 2023 por iso as traemos aquí a pleno para aprobar neste recoñecemento.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estamos co segundo recoñecemento extraxudicial de crédito, virá un terceiro imaxino que será de bastante máis contía, así nolo transmitiu no último pleno cando tratamos o primeiro recoñecemento. Aparece documentación no expediente que nada ten que ver en concreto aparece a certificación de obra do Carreiro do Rollo, que por certo, o Carreiro do Rollo que leva tempo xa coas luminarias encendidas e o carreiro está cerrado. A este recoñecemento corresponden a facturas que están pendentes de recoñecer derivadas de subvención concedida pola Xunta de Galicia para o Servizo de Atención temperá, creo que eran 190.000 ou 200.000€ concedidos pola Xunta de Galicia e do Obradoiro dual de emprego tamén 180.000 ou 190.000€. Seguramente que Verónica pese a ser unha mala xestora, iso non o digo eu está recollido en acta iso o din os que foron os seus compañeiros de goberno que vostede era unha mala xestora, seguro que nos pode dicir con máis exactitude a subvención tanto a de Atención temperá como a de Obradoiro de Emprego, e a maiores tempos a cota de socio do GDR – Condado Paradanta de 4.708€, un exemplo máis do interese do goberno por pagarlle aos provedores, estas facturas entraron todas a primeiros de xaneiro, a cota de GDR entrou en marzo, fai máis dun ano, xa puido haber ido ao recoñecemento de febreiro ao igual que as outras facturas pero unha vez máis xa vemos o interese que ten o goberno por pagarlle aos provedores.

Nós vamos absternos porque en parte son de subvencións que están aprobadas, concedidas e se vai a pagar co remanente que hai pendente de esa subvención que se traslada ao ano 2024.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non sei si debo ou no responderlle ao Partido Popular, non sei si o Partido Popular sabe que a oposición non ven aquí a respostar, quen ten que respostar é



equipo de goberno, de todas formas si que lle adianto que a pesar de ser mala xestora segundo o que vostede acaba de dicir, si que teño en mente as cantidades que subvenciona a Xunta de Galicia en políticas de emprego, creo que podería facer un esforzo e facer un pouquiño máis xa que é fundamental esta área pero é bastante máis do que vostede dixo. En canto ao punto que tratamos quería facer unha consulta a Sra. Secretaria, si é posible, este punto non se introduciu na Comisión extraordinaria que se pretendía introducir nese momento, a Secretaria aquel momento informou que non se podía introducir porque se trataba dunha sesión extraordinaria, agora miramos todos que este punto se incluíu na orde do día, pregunto, si este punto debía ou non haber pasado unha Comisión informativa previa antes de traer este punto ao pleno? Si o que estamos facendo hoxe aquí, que non teño nada absolutamente nada que obxectar estas factura do eido de emprego e de carácter social pero o que si o que estamos facendo hoxe aquí é o procedemento que se debía facer xa que non se introduciu nesa Comisión extraordinaria.

**Sra. Secretaria** di que este asunto está sen ditaminar pola Comisión informativa e a Lei prevé, tamén o Regulamento Orgánico Municipal, que en caso de que os asuntos se traían directamente a Pleno sen pasar por Comisión Informativa na hora de votación hai que facer dúas votacións, unha equivalente ao ditame da Comisión e outra sería a votación do asunto propiamente.

**Sra. Tourón Domínguez:** Si é así e o podemos votar dese xeito o Partido Socialista non ten nada ao que oporse, hai que xustificar as subvencións, non se deben perder máis nun eido tan importante como pode ser o emprego e servizos sociais.

**Sr. Guerra García:** Permítanme antes de entrar no asunto, enviar un saúdo aos nosos veciños do sur que hoxe están de festa, dende o noso Grupo asumimos o erro de abrir sempre fascismo nunca máis e nomeadamente os veciños e veciñas portugueses que habitan e residen neste Concello. Aclarado por parte da Secretaria sobre si este tema tiña que ter pasado pola Comisión, tiñamos dúbidas tamén, nós vamos votar a favor na medida en que son partidas relacionadas con subvencións e lamentar que despois de un recoñecemento de un millón e pico de euros non hai moito que quedara atrás a achega ao GDR do ano pasado que é de marzo de 2023, necesítase un pouco máis de dilixencia e menos precariedade nese tipo de cousas.

**Sra. Alcaldesa:** Deu lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Ratifícase a inclusión do presente asunto na orde do día, ao abeiro do disposto no artigo 34.7 do Regulamento Orgánico Municipal, por non ter sido ditaminado pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, con carácter previo a adopción do acordo sobre o asunto.*

*Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.*

*Considerando que artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que corresponde ao Pleno acordar o recoñecemento extraxudicial de*

*créditos como tamén así o establece o Tribunal de Contas en informe 1.415 cando se trate de obrigacións procedentes de gastos indebidos.*

*Visto o informe da Interventora municipal núm. 2024-0070 coa correspondente nota de reparo.*

*Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sea da súa competencia.*

*En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 726/2024, facturas do 02.01.2024 ao 23.02.2024 correspondentes a gastos do exercicio 2023 e cota do GDR do ano 2023, ascendendo a un total de 15.399,87 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.”*

**VOTACIÓN DITAME INFORMATIVO:** Sometida a votación a proposta non ditaminada pola Comisión Informativa por razón de urxencia, esta queda ratificada favorablemente por SETE VOTOS A FAVOR dos/das Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), E CATRO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (4),

**VOTACIÓN DO ACORDO:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por SETE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), E CATRO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (4), adoptando o seguinte

**ACORDO:**

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 726/2024, facturas do 02.01.2024 ao 23.02.2024 correspondentes a gastos do exercicio 2023 e cota do GDR do ano 2023, ascendendo a un total de 15.399,87 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

**Expediente 791/2024. Adhesión ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**





**Sra. González Luis:** Explicar que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro, está actualmente integrada por 103 Concellos e Deputacións que están unidos pola vontade común de contribuír a erradicación das desigualdades norte-sur a través de diferentes proxectos de cooperación ao desenvolvemento con países en vías de desenvolvemento e sensibilización social en Galicia. Este Concello xa formou parte deste Fondo Galego de Cooperación dende o ano 2008 ata o 2013 e agora temos a intención de facelo novamente. Son moitos e variados os proxectos que se desenvolven en países como Nicaragua, Mozambique, Cuba, Cabo Verde, Sahara, Perú e outros, apoiados pola Xunta de Galicia, pola Dirección Nacional de Políticas de desenvolvemento sostible do Goberno Central ou de diferentes programas da Unión Europea, e consideramos que o apoio a esta entidade non so servirá de colaboración con pobos en especial situación de especial vulnerabilidade económica e social senón que tamén axudara de outra forma a nosa veciñanza.

Desde este goberno damos gran valor as actividades que se desenvolven en algúns municipios adheridos para involucrar a mocidade na loita contra o cambio climático e que permite aos máis novos e novas teñan unha mellor perspectiva e coñecemento das diferentes calidades vividas noutra parte do mundo, viaxar, coñecer e a veces non se pode viaxar todo o que se debería pero que nos acheguen as realidades que outras culturas viven nos seus países a través de profesionais é educativo e enriquecedor e fai que teñamos unha perspectiva máis real, por todo isto propoñemos a adhesión do Concello de Salceda ao Fondo Galego de Cooperación, o sistema de cálculos de cotas aprobado na asemblea xeral de esa entidade establece que a cota deberá ser calculada aplicando o 0,01% do orzamento dos ingresos propios, sería a cota mínima que exixen para formar parte e tendo en conta os presupostos do noso Concello corresponderíanos para este 2024 unha cota mínima de 546,17€ isto significa que por unha banda aprobando este punto nos comprometeríamos a dotar orzamentariamente a partida mínima anual e por outra expresamos a nosa vontade, na medida do posible, incrementar a nosa responsabilidade económica deste Concello cos países en situación de vulnerabilidade para aproximarnos ao 0,7% do orzamento ordinario que sería o recomendado polas Nacións Unidas.

**Sr. Rodríguez Davila:** Dicir que o noso grupo todo o que sexa aportar o gran de área para que a sociedade en xeral, a salcedense, a Galega e a Española e por suposto a internacional sexa mellor en todos os ámbitos terá todo o noso apoio e polo tanto vamos a votar a favor de que o Concello se sume a este Fondo Galego de Cooperación, como ben dixo a Concelleira delegada en diferentes áreas ao longo e ancho do territorio alá onde se fagan esas actuacións, polo tanto o noso voto vai ser a favor.

**Sra. Tourón Domínguez:** Efectivamente como xa comentou a Concelleira estivemos adheridos dende o 2008 ao 2013, creo que é unha boa decisión e importante na medida do posible de axudar e colaborar, o noso voto vai ser a favor.

**Sr. Guerra García:** Me imaxino que este Concello deixou de ser parte deste fondo por impago, é lamentable que vendamos progresismo e este Concello leve once anos fora de un fondo que non lle devolve ao terceiro mundo nin a milésima parte do que esta parte do mundo rico lle rouba ao terceiro mundo, esperamos que a decisión que tomamos hoxe que decidimos estar todos de acordo que non teñamos que volver a tomala dentro de uns anos sobre todo si é por



impago.

**Sra. González Luis:** Descoñecía que o motivo fose ese eu mesma chamei a persoa encargada da adhesión a este fondo para preguntar de que ano a que ano estiveramos adheridos e o motivo, pero non mo transmitiu así de feito lle solicitei que me pasase a acta do acordo plenario tanto a que nos demos de alta como a que nos demos de baixa e o informe da Concelleira que nese momento deu de baixa di o seguinte: *“Que a consecuencia da situación económica que se esta a padecer da cal o noso Concello é un dos máis afectados por estar na periferia dunha gran urbe como Vigo, nos orzamentos tivemos que tomar moitas medidas de redución de gastos e por outra banda aumentar naquelas áreas de atención en sectores máis desfavorecidos, familia, infancia, emprego ou formación, motivo este polo que non podemos seguir mantendo a axuda económica ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade”*. É certo que todos estamos de acordo con que hai que facer un esforzo por colaborar con todos aqueles países que o precisan pero entendo que se tomou esta decisión por parte da Concelleira responsable nese momento sería porque así se considerou nese momento non creo que fose prato de bo gusto nin agradable para ninguén, sexa do partido político que sexa.

**Sra. Alcaldesa:** Tiñamos claro nesta lexislatura tanto a Concelleira de área como a Alcaldesa que a pesar de ser un motivo o Plan de axuste ao que estamos sometidos, un motivo para que a interventora informe desfavorablemente porque se supón que non se pode ocasionar máis gastos as arcas municipais, creemos que 546,00 euros ben merece o esforzo e a unanimidade de toda a Corporación para que Salceda aporte o seu grandíño de área a un deserto de desigualdade creo que con este paso estamos todos e todas de acordo que nos sumamos a iniciativas de outros Concellos como Gondomar, Nigrán, O Rosal, Tomiño, somos un Concello que non tiña dúbida e se en algún momento deixamos de facer a aportación sería porque os requisitos económicos financeiros así nolo solicitaban e non por outros motivos estou segura de que Salceda era solidaria, foino e sígueo sendo. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Vista a proposta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, orientada a contribuír desde o noso propio eido local ao desenvolvemento dos países empobrecidos e á loita polo respecto dos Dereitos Humanos, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de cooperación ao desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a solidariedade internacional e a xustiza social.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0019 relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Non obstante o disposto no informe de Intervención núm. 2024-0069. PROPOÑO ao Pleno do Concello a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**Primeiro.-** *Manifestar a adhesión desta Corporación ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.*

**Segundo.-** *Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de socios, achega que no caso de Salceda de Caselas será de 546,17€.*



**Terceiro.-** *Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello/Deputación para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.*

**Cuarto.-** *Designar á Alcaldesa como representante política perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e como suplente á Concelleira Selene González Luis.*

**Quinto.-** *Facultar á Alcaldesa-Presidenta para que designe a un/ha técnico/a do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.*

**Sexto.-** *Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”*

**VOTACIÓN:: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo**

**Primeiro.-** Manifestar a adhesión desta Corporación ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

**Segundo.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de socios, achega que no caso de Salceda de Caselas será de 546,17€.

**Terceiro.-** Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello/Deputación para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

**Cuarto.-** Designar á Alcaldesa como representante política perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e como suplente á Concelleira Selene González Luis.

**Quinto.-** Facultar á Alcaldesa-Presidenta para que designe a un/ha técnico/a do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**Sexto.-** Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**Expediente 537/2024. Ratificación do Decreto núm.2024-319 de aprobación do proxecto de obra de renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes.**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto imos a proceder a ratificación do Decreto de aprobación do proxecto de obra de renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes. Este é un proxecto que responde a unha demanda histórica dos colectivos deportivos, é un pavillón que se construíu nos anos 90 e conta actualmente con un pavimento de formigón puído que a día de hoxe non é o máis axeitado para a práctica dos deportes que alí se levan a cabo. Existe unha normativa europea de pavimentos deportivos, UE EN 14904, que aconsella





adoptar un pavimento que garanta a seguridade da práctica do deporte de calidade, polo tanto tamén un acto de responsabilidade por parte do goberno, da Administración Local, manter as instalación do pavillón nas melloras condicións, nas condicións óptimas para desenvolver os deportes que alí se dan.

A solución adoptada despois de consultalas con expertos na materia é un pavimento deportivo aérea-elástico e tarima de madeira de faia compatible con todos os deportes que aquí se practican incluído o patinaxe, que era un dos deportes que de primeiras podemos ver que poden causar algún tipo de prexuízo ao pavimento pero existen materiais que son resistentes as rodas dos patíns e esta é unha solución que nos recomendaron que é axeitada para práctica dos deportes que aí se dan. Os motivos da elección son unha solución que nos proporcionan unha mellor opción de relación calidade prezo, unha garantía dun mantemento non reducido non moi custoso, a durabilidade no tempo da instalación e a resposta biomecánica deportiva acorde as actuais exixencias por normativa. O resultado final é unha superficie que vai en diferentes capas, unha capa illante con unha lámina de polietileno para evitar que ascenda a humidade ata a madeira, unha seguinte capa elástica que é unha espuma de poliuretano para que funcione como amortiguador do pavimento, unha capa dura que son os listóns de contrachapado sobre o cal iría a capa de pavimento que é de madeira de falla de 14mm de espesor; o produto final é un produto que está testado conforme a norma que comentamos, UE EN 14904 de superficies deportivas e tamén pola norma EN 13501 de comportamentos fronte ao lume co cal é un pavimento que está homologado que conta ademais con dúas homologacións da FIBA. O prazo de execución deste proxecto sería de dous meses e o orzamento co que se traballa son 88.103,60€ de base de licitación e cos honorarios ascenderían a 92.338,60€.

Esta é a solución que lle vamos a dar ao cambio de pavimento do pavillón é unha demanda polos colectivos e creemos que o número elevado de usuarios que hai neste Concello é o suficientemente elevado, aínda que non fose elevado nós temos que garantir que se practique o deporte nas mellores condicións para evitar as lesión e para favorecer o deporte de calidade temos moitos clubs, moitos deles compiten nas mellores ligas da Comunidade é o noso deber que teñan unhas instalación de calidade.

**Sr. Rodríguez Davila:** O certo que como ben se dixo, non neste pleno que tamén, dende fai moito tempo e anos a situación do pavillón non so en tema das instalacións propiamente ditas senón tamén do mantemento, de apertura e peche do mesmo durante moito tempo, un total desastre na organización, chaves pola man de todo o mundo, imaxes penosas que nunca tiveron que haber sucedido pero a verdade é que toda a Corporación sumouse e votou sempre favorablemente para ir mellorando todas esas situacións como foi as reiteradas obras que se tivo que facer no tellado, na cuberta de ese pavillón e esperemos que sexa a definitiva logo de poucos anos de durabilidade daquela reparación importante que se nos vendeu como solución definitiva e ao final co paso do tempo poucos anos despois vimos como no pavillón seguía entrando auga a raudales. En canto á pista creo que é algo que, si mal non recordo, todos en algún momento o dixemos publicamente a necesidade de instalar superficies acordes cos tempos e sobre todo coa práctica do deporte, tamén é verdade e o acaba de dicir o Concelleiro, Marcos, que o tema era o patinaxe e como dixer na Comisión e como teño dito en outras ocasións pondo toda a confianza e o boa fe, o bo facer dos técnicos redactores e tamén da empresa que poida executar esta obra confiemos en que se execute do mellor xeito, que se utilicen os materiais acordes e que, como dixer na Comisión, que por aforrar tres, catro, x miles de euros que as cousas queden ben porque ao final o barato é caro e o



caro xustifica o ser caro. Reitero con ánimo de que as cousas queden ben feitas que se utilice mellor material e que os nosos cativos e os non tan cativos, incluso aqueles que de vez en cando podemos practicar deporte nesa instalación municipal, quede do mellor xeito posible para todos nós e polo tanto noso voto vai ser favorable como non pode ser de outro xeito, tratándose de mellorar unha instalación deportiva que todos sabemos que se queda pequena e que habería que, despois de non conseguir as subvencións acordadas para aquel proxecto que se nos vendeu fai un ano, que parecía xa fai un ano que se ían empezar as obras do pavillón adxacente a ese e a realidade é que un ano despois non temos nada de nada soamente malas noticias. O Grupo Popular vai votar a favor da instalación desa renovada pista deportiva do pavillón municipal.

**Sra. Domínguez Tourón:** Xa o comentei na Comisión informativa, a min paréceme un prezo demasiado axustado para esta obra esperemos que a calidade da tarima, madeira, pavimento, non de problemas porque todos sabemos que ese pavimento se usa habitualmente por moitas persoas co cal se a calidade da tarima que se pon non é suficiente pois o mantemento será superior. Recordo que o Concelleiro anterior Rubén levaba traballando neste tema bastante tempo o prezo rondaba ao redor de 120.000€, aquí na proposta fálase de 88.000€ é dicir 72.812€ máis IVE, na súa intervención o Concelleiro falou de 92.800€ non se si foi un lapsus, na nosa proposta non se fala en ningún momento de 92.800€ nin no orzamento de contrata nin o presuposto.

**Sra. Alcaldesa:** O importe foi o comentado na Comisión informativa e 88.103,60€

**Sra. Domínguez Tourón:** Entendo que foi un erro, era o libro de ruta que había marcado unha vez feita a reparación da cuberta, era o seguinte paso que había de dar e noso voto vai ser favorable e necesario gozan de ese pavillón actualmente ao redor de mil persoas de forma habitual co cal benvido sexa este proxecto.

**Sr. Guerra García:** É recoñecido por todos a necesidade da obra so agardamos que ao final o orzamentado e aos técnicos temos que remitirnos, consideremos que o orzamentado vaia na calidade que se precisa para a obra, o noso voto vai ser a favor.

**Sr. Troncoso Estévez:** Efectivamente os usuarios que fan uso das instalacións municipais é un número moi elevado e que se queda efectivamente pequenas as instalacións, por iso dotamos ademais do pavillón municipal o pavillón de Parderrubias con un convenio coa Xunta e tamén facemos uso do pavillón de Entenza, mesmo así son instalacións que, para ben temos unhas escolas bases potentes en Salceda, temos moita actividade deportiva e efectivamente se quedan escasas, tiñamos un proxecto de creación dun segundo pavillón que presentamos a diferentes concurso, diferentes subvencións, unha delas a do POMU 20-30 que quedamos fora o ano pasado e outra que se presentou ao Consello Superior de Deportes a través dos Fondos de recuperación e resiliencia que fai escasas semanas nos viu tamén denegado porque non se cumprían os parámetros que entraban dentro das bases, se nos caen estas subvencións e é certo que é unha inversión potente que a día de hoxe o Concello cos seus orzamentos non pode levar a cabo e necesita de outras administracións. Seguiremos loitando por conseguir este segundo pavillón pero mentres tanto temos que dotar as instalacións que temos de calidade e cremos que agora que está arranxada por fin a cuberta do pavillón. Esperemos que as goteiras que ata de agora eran frecuentes no pavillón deixen de selo, temos localizado unha que xa contactamos coa empresa construtora e vai pasar a facer unha revisión, en calquera caso, a diferenza é totalmente palpable. En canto si é barato ou no a



obra que vamos a facer, nós nos reunimos con diferentes especialistas e nos propoñían diferentes tipos de tecnoloxías, de resina, de PVC, de caucho, nós quixemos unha tecnoloxía máis adecuada ao tipo de calidade que queremos no pavillón, é unha solución que nos deron que en relación calidade-prezo era a mellor das solucións para nada é a opción low cost.

**Sr. Alcaldesa:** En canto ao importe e consultado o expediente Marcos Troncoso non se equivocou na cifra, o importe da subvención cos honorarios, procuramos sempre se permite na subvención incluír os honorarios da redacción dos proxectos para garantir de algún xeito e máis eficaz o cobro incluír os honorarios nas solicitudes de subvencións. Esta era unha obra que tiñamos o compromiso todos os partidos políticos e dende logo esta Alcaldesa e o Concelleiro de deportes así o transmitimos ao todos os colectivos deportivos cando en precampaña nos reunimos con eles, un por un, son máis de 500 persoas as que fan uso de esas instalacións deportivas moitísimos nenos e nenas os que pasan por aí, teño que dicir e ademais é unha boa nova que vamos a contar con financiación para o cambio de ese chan, solicitouse a Deputación pronto nos chegará por escrito ese ok á inversión de 88.103€ para o cambio da pista, conta con ese financiamento e agardamos ademais que esa resposta por escrito sexa pronto, para que nos permita establecer unha cronoloxía con todos os clubs e pornos a traballar canto antes e non afecte a tempada. Súmase a este investimento dos 88.103€ o de 47.857€ un total de 136.000€, os 47.857€ foron a cubrición, o cambio de cuberta que se realizou ao inicio de esta lexislatura e eu creo que estamos de parabéns, unhas instalacións que necesitaban melloras e que con este 136.000€ vamos dando pasos precisamente nesa mellora que era un compromiso de todos e todas. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Proxecto para a renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes do concello de Salceda de Caselas”, redactado polo arquitecto Rubén M. Vázquez Pérez, asinado data 27.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 88.103,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.290,71€ e o presuposto sen IVE a 72.812,89€.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0046 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0010 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e de conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1 o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,*

## **RESOLVO**



**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado denominado “Proxecto para a renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes do concello de Salceda de Caselas”, redactado polo arquitecto Rubén M. Vázquez Pérez, asinado data 27.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 88.103,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.290,71€ e o presuposto sen IVE a 72.812,89€.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**TERCEIRO.** Dar con do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos legalmente.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a Ratificación do Decreto núm.2024-319 de aprobación do proxecto de obra de renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes, este quedou ratificado por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes neste sesión.

**Expediente 644/2024. Aprobación de proxecto de obra denominado “Rede de saneamento para a conexión da escola infantil CRA Raíña Aragonta - A Picoña”.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

**Sra. González Luis:** Este trátase dun proxecto que conta con informes técnicos favorables condicionados a solicitudes das correspondentes autorizacións sectoriais, este proxecto contempla a ampliación de saneamento do núcleo de Carballal con 273,20m de colectores, a colocación de 9 pozos de rexistro e de 7 acometidas a vivendas. Esta ampliación dotará de saneamento a 6 vivendas e a dous edificios municipais ademais de permitir unha futura adhesión a esta futura rede de saneamento das vivendas que se poidan construír nesa zona. Comezaría na actual escola unitaria da Picoña e engancharía a súa aula anexa que é unha escola unitaria que está en desuso que se está a día de hoxe traballando para facer a recuperación en canto se poida e que se utilice polos colectivos veciñais da mellor forma posible. Comezaría, como ben dixeran, nesa escola unitaria que está en uso se engancharía a aula anexa e baixaría dende esa estrada dende Ataúde ata Pedrapinta. O seu prazo de execución será de 2 meses e orzamento 39.901.061€ con un IVE de 8.379.22€ e sendo o custe total de 48.280,28€. Adherir as escolas municipais a rede de saneamento é prioritario para nós e o feito de aprobar este proxecto nos achegaría un pouquiño máis a que a súa execución fose unha realidade e melloraría tamén a realidade dos menos e das nenas e das seis vivenda de esa zona que realmente tamén o necesitan.

**Sr. Rodríguez Davila:** Todo o que sexan proxectos e obras de servizos básicos como é o saneamento loxicamente vai contar co noso voto, isto é un claro exemplo de que con poucos cartos se poden facer grandes obras e sobre todo grandes beneficios á sociedade neste caso aos veciños do Carballal en Picoña e sobre todo a aula que a día de hoxe non contaba co servizo de saneamento, é certo que o goberno inicialmente deixaba fora esa edificación onde vivía Español no seu momento e tiveron que ser os veciños os que lles recordaran e por sorte o goberno rectificou e agora se contempla o enganche a esa edificación, porque en algún momento se pode utilizar para o que se considere ou se acorde ben polo Concello ou por un



mutuo acordo coas diferentes asociacións, etc... que haxa nesa parroquia.

Isto é un exemplo de que cunha inversión de un importe normal para as cifras que se manexan na administración pública se poden facer proxectos que benefician a varias vivendas, a moitos veciños que viven aí e sobre todo a un edificio público que da ensino no rural aos noso cativos e cativas, cando un gasta en algo que no futuro non vai a ser definitivo como foi o Carreiro do Rollo vemos que está inxustificado segundo investise nesa mellora de ese carreiro unha cantidade normal para manter decente acordo e non gastar máis de 130.000€ poderíanse facer dous proxectos máis como este noutras zonas do Concello e poderíanse beneficiar a vinte casas máis ou a corenta, dependendo a zona e o proxecto polo tanto cando un manexa diñeiro que é de todos ten que pensar moitos onde se inverte e como se inverte, e se poden mellorar zonas con unha cantidade razoable e non investir ao loco e sen cancelas, porque queremos deixalo súper guay pero as consecuencias as pagamos todos cando se podería beneficiar moitos máis veciños e non renunciar a mellorar zonas como acabo de mencionar. Nos alegamos que se modificara o proxecto, nos alegamos que se recollese esa segunda edificación municipal e polo tanto o noso favorable a que se siga mellorando a vida dos veciños no rural neste caso a través do saneamento no Carballal na parroquia da Picoña.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nós estamos totalmente de acordo, todo o que sexa avanzar en saneamento e ampliar a rede é positivo, é bo e debemos ir nese camiño máis neste caso que inclúe unha das escolar do noso rural, espero que se obteñan pronto eses permisos tanto da Confederación como de Patrimonio que son necesarios para realizar esa obra e por suposto tamén que se consiga a financiación para que poida ser unha realidade este proxecto que aprobamos hoxe aquí. O voto do Partido Socialista vai ser a favor.

**Sr. Guerra García:** Benvido sexan proxectos de este tipo tan básicos e tan necesarios e sobre todo si o centro de onde parte, neste caso é unha escola, o noso voto a favor e ogallá veñan máis destes.

**Sra. González Luis:** En canto ao que dicía Santiago, efectivamente é unha sorte que con este custe económico se lle poida dar saneamento a tantas vivendas e edificios municipais pero tamén somos conscientes de que haberá outras zonas onde facer saneamento aínda se sexa para unha ou para dúas vivendas sexa moito máis caro, porque a situación xeográfica así o requira e haberá que facelo igual, neste caso tamén nos alegamos nós de que con pouco diñeiro se lle dea resposta a tantas vivendas pero que non sirva de precedente para outras vivendas porque as necesidades é para todos a mesma custe máis ou custe menos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Creo que a bo entendedor poucas palabras, todos somos coñecedores de que no noso Concello temos zonas onde con pequenas inversións lle dar solucións a varias vivendas e creo que aí é, como dicía antes, de xestionar ben o recurso de todos e gastar con rigor e sentidiño e así o transmitín.

**Sra. Alcaldesa:** Como é a segunda vez que se fala do Carreiro do Rollo, o Carreiro do Rollo é un investimento moi necesario non é unha cuestión de estética como está encargándose de difundir o Partido Popular, o Carreiro do Rollo recolle abastecemento, recolle saneamento e algo moi importante, que ademais curiosamente o Partido Popular de Salceda se xactou en varias ocasións en colgar en redes cada vez que había unha tromba de auga e as nosas rúas se enchían de auga e comercios como a froitería da esquina que aparecía inundada unha vez si e





outra tamén, precisamente do que se trataba era que toda esa auga que se recollía do carreiro do Rollo e que moita dela paraba no centro da Vila pois canalizala. Suporto que iso non é motivo máis que suficiente e o Partido Popular sinxelamente ve nesa obra unha cuestión de estética de facer bonito sen máis e a inauguración, aproveito para comunicar a toda a veciñanza que será o 10 de maio, ía convidar ao Partido Popular pero me parece que non vai querer ir porque non lle gusta a obra, en todo caso quedan todos e todas convidados a esa inauguración que faremos. O importante segundo pleno e segundo proxecto de saneamento neste caso 270 metros máis de rede de saneamento que favorece as seis fogares, dous edificios municipais e aqueles terreos onde se poidan urbanizar, un pasiño máis neste caso para o saneamento integral da parroquia de Picoña. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Vista o memoria valorada das obras denominadas “Rede de saneamento para a conexión da escola infantil CRA Raiña Aragonta - A Picoña”, redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.280,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.379.22€ e o presuposto sen IVE a 39.901.061€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0075 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0017 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Rede de saneamento para a conexión da escola infantil CRA Raiña Aragonta - A Picoña”, redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.280,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.379.22€ e o presuposto sen IVE a 39.901.061€*

**SEGUNDO.** *Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo



**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Rede de saneamento para a conexión da escola infantil CRA RaíñaAragonta - A Picoña”, redactado polos enxeñeiros Julio Roberes de Cominges e Hugo García Carro en data 26.01.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 48.280,28€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.379.22€ e o presuposto sen IVE a 39.901.061€

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 531/2024. Aprobación de proxecto de obra denominado “Proyecto básico y de ejecución campo de fútbol Penedo Redondo, Salceda de Caselas”**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>
------------------	--

**Sra. Alcaldesa:** Este tamén era un compromiso que marcaba o noso programa electoral e creo que tamén o de algún outro partido político. Tedes todos e todas coñecemento de que hai non moito tempo nos visitou o Presidente da Federación Galega de Fútbol, Sr. Rafael Louzán, para asinar un convenio, achegouse ata Salceda para precisamente asinar ese convenio que asumirían a redacción e o custe de esa redacción de maneira total, hai non moito nos chegou ese proxecto. É un proxecto do que trataremos de buscar financiación, que inclúe traballos tan importantes como é a substitución da manta de céspede por unha nova sintética de última xeración, tal e como recolle o proxecto, o segundo traballo será a reparación do caucho, terceiro a solución de encharcamento que se produce en algunhas zonas do campo, marcaxe de limitación dos fútbol oito e fútbol 11 ademais das canaletas de drenaxe que en algunhas ocasións ocasionan problemas, comprobarase o estado e realizárase a súa mellora, substituiranse as porterías existentes. En definitiva unha serie de traballos que permitirá aos colectivos que alí desenrolan o seu deporte, que neste caso é o fútbol, como son Caselas feminino, os dous clubs de categorías de veteranos, o club de afeccionados Parderrubias e a Escola de Denis Suárez, xogar e facer o deportes nunhas mellores garantías e seguridade, que as lesións por motivos de que este céspede xa ten catorce non afecte ao seu rendemento nin a súa saúde. Ademais de estes traballos, no proxecto ven ditaminado un prazo de execución de tres meses que agardamos que sexa real, senón impediría que moitos dos partidos que alí se realizan tiveran que suspenderse, haberá que preparar no momento que se leva adiante este proxecto a cronoloxía de traballos con todos os clubs.

Contarvos tamén que mantivemos unha reunión co Sr. Lete, Secretario Xeral de Deporte da Xunta, é certo que é un período un pouco complexo porque acababan de ser ou ían a ser as eleccións autonómicas e aínda non tiña claro si ía a seguir no equipo do actual presidente Rueda, polo tanto a toma de decisións quedaba un pouquiño condicionada, seguimos agardando a resposta que se comprometeu, neste caso, o secretario a darnos preciso para unha obra de esta magnitude que son 233.000€ a cofinanciación, diso falamos na reunión, o Concello apostaba por unha inversión de 150.000€ e o que estabamos solicitando eran 90.000€ para a sinatura desa colaboración, solicitámolo á Secretaria Xeral, agardamos resposta e esperemos polo ben de todos e todas e sobre todo do deporte, do fútbol en Salceda que esa resposta sexa positiva porque creo que despois de 14 anos ben o merecen. Son moitos como vos dixen os clubs que utilizan estas instalacións, a nosa aposta polo deporte vai ser mellorar todas e cada unha das instalacións, falabamos antes do pavillón e falamos



agora dos campos de fútbol neste caso o Penedo Redondo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Dicía a Sra. Alcaldesa que a solución do encharcamento do cruce do Bar Central solucionouse coa mellora do Carreiro do Rollo, ogallá fora certo o tempo o dirá, o dubido salvo que vostedes poñan unha bomba no cruce de Mon e bombeen auga para a rúa do Rollo para que para por alí, o tempo o dirá, de todas maneiras non está xustificado a inversión porque si fose esa a solución simplemente con unha canalización, unha tubaxe foi moito tempo que puido habela feito e evitar todas as inundacións no cruce do Bar Central cousa que non se fixo.

En canto ao punto que tratamos estamos a falar dun proxecto para renovar e cambiar o céspede artificial no campo do Penedo Redondo, proxecto como ben se dixo pagado pola Federación Galega de Fútbol e que agora estamos aprobando no día de hoxe. A verdade é que conseguir esas axudas a través de fondos propios, a través da Deputación, da Xunta, de onde se considere para conseguir pagar e realizar esa obra que todos estamos de acordo en que é necesario ese cambio e como dixen na Comisión, é certo que ten moitos anos, 14 anos, pero non é menos certo que durante moito tempo, non dito por min senón dito por todos os usuarios que alí se deron cita durante moito tempo, sobre todo nos anos iniciais, o mantemento non foi acorde coas instalacións que alí había e que alí temos, me refiro simple e llanamente ao rego que naquel momento non se facía habitualmente nin con control ao respecto e polo tanto como pasou un pouco e está a pasar en certa medida coa xestión do pavillón tamén pasou e segue a pasar, non tanto dende que están as Escola de Denis, o foi de non levar un control e un mantemento de rego destas instalacións, co que o deterioro de ese céspede se produxo máis rápido do debido. Insisto, é certo que hai 14 anos, é certo que alí hai moito trasiego enriba de ese céspede polo tanto toca cambialo por iso o noso Grupo vai estar a favor e por iso vamos a votar a favor de este proxecto que como digo de novo hai que adquirir financiamento para poder levalo a cabo.

**Sra. Tourón Domínguez:** Nós estamos totalmente de acordo xa na lexislatura anterior sendo concelleiro Ruben González, o equipo de goberno se había reunido tanto coa Secretaria Xeral como coa Federación Galega de Fútbol, é un proxecto o que lle damos a benvida tamén porque utiliza moitas persoas ese campo, si ben aínda que estando de acordo, creemos dende o Partido Socialista que o cambio do céspede da Gándara optimizaríanse moito máis os espazos que dispón o Concello pero tamén é certo que é necesario o cambio de este céspede totalmente importante co o voto do Partido Socialista vai ser a favor.

**Sr. Guerra García:** Neste proxecto agardemos que o Goberno Local teña éxito coa Administración Autonómica e que a Secretaría Xeral de Deportes estea ocupada por quen estea ocupada que non mire a cor política do Concello a hora de solicitar axudas, en todo caso eu recoméndolle a señora Alcaldesa que si necesita que leve da man o voceiro do Partido Popular que seguramente para iso ten boa maña.

**Sr. Rodríguez Davila:** Agradézolle as palabras, Sr. Tano, pero eu creo que sería máis efectivo pedirlle á señora Alcaldesa que dimita como Alcaldesa e deixe gobernar a quen ganou, entón si que podería facer máis de presión pero agora pedirme que eu exerza de Alcalde creo que non porque a Alcaldesa, grazas a vostede entre outros, é a señora Dolores Castiñeira.

**Sra. Alcaldesa:** Menos mal que o mantemento do campo foi malo, malísimo segundo o portavoz do Partido Popular e durou 14 anos, cando a media de vida de estes campos é de



dez anos, menos mal que o mantemento foi malo senón non sei o que nos duraría o campo, ademais tendo en conta o volume de nenos e nenas que pasan por aí. Hai algo que non me gusta e se fai moito nesta sesión plenaria e é cuestionar sempre a redacción dos proxectos e o seu custe, non poñen en evidencia este Goberno que tamén evidentemente que para iso gobernamos, senón a aquelas empresas e aqueles homes e mulleres que redactan os proxectos e que moitos deles son empresas locais e estou segura que cando fan a redacción dos proxectos, como neste caso o Carreiro do Rollo o fan conscientes e pensando nas arcas públicas, estou segurísima delo e non me gusta que se poña en cuestión o traballo dos técnicos que son de confianza da totalidade de esta Corporación e si non é así que alguén o matice.

**Sr. Rodríguez Davila:** Unha vez máis vostede interpreta o que considera, claro os técnicos fan o traballo que lle encarga o goberno, vostede encárgalle un proxecto para que melloren ese entorno de X miles de euros con unhas características X e eles fan ese proxecto e vale ese diñeiro, pero si vostede lle encargar outro tipo de proxecto farían outro proxecto que valería x menos dous, é así de claro, non é culpa dos técnicos nin das empresas que se adxudican, en ese caso é culpa do goberno que encarga os proxectos, non mixture allos con cebolas señora Alcaldesa.

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Proyecto básico y de ejecución campo de fútbol Penedo Redondo, Salceda de Caselas”, redactado polos arquitectos Santiago González García, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica Fernández Garrido, asinado de forma manuscrita en febreiro de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 233.930,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 40.599,58€ e o presuposto sen IVE a 193.331,34€e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0074 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0016 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proyecto básico y de ejecución campo de fútbol Penedo Redondo, Salceda de Caselas”, redactado polos arquitectos



*Santiago González García, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica Fernández Garrido, asinado de forma manuscrita en febreiro de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 233.930,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 40.599,58€ e o presuposto sen IVE a 193.331,34€.*

**SEGUNDO.** *Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo**

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proyecto básico y de ejecución campo de fútbol Penedo Redondo, Salceda de Caselas”, redactado polos arquitectos Santiago González García, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica Fernández Garrido, asinado de forma manuscrita en febreiro de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 233.930,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 40.599,58€ e o presuposto sen IVE a 193.331,34€.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

<b>Expediente 420/2024. Aprobación de proxecto de obra “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Ordinaria</b>
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Canosa:** Unha aprobación dun proxecto que xa se debateu nesta sesión plenaria no anterior pleno ordinario de febreiro, igual nos fallou algo nese pleno de non explicar ben todo o que é a aprobación do proxecto e as consecuencias de cara a xustificación de subvención recibida por parte da Deputación de Pontevedra a través da Rede Ágora. Como xa dixen na Comisión aquí o que estamos aprobando é a redacción do proxecto, a veces os proxectos tráense e xa contan con financiamento como o caso da substitución do cambio do pavimento do pavillón e a veces son proxectos que non contan aínda con financiamento, como por exemplo o cambio do céspede do Penedo Redondo. No caso das humanizacións son aprobación de aprobación do proxecto, creo que quedou claro nese pleno que non se ía executar e que neste momento non contamos con fondos para executalo senón que estamos aprobando o proxecto que é a redacción do mesmo foi financiada pola Deputación de Pontevedra, polo tanto volvelo a traer xa expliquei o tema do financiamento na Comisión entendo que xa todos o temos claro e polo tanto volvemos a traelo. É un proxecto que de executarse contaría con un presuposto de base de licitación de 299.780,65€ e que realmente o que nos xogamos nesa subvención da Rede Ágora son os honorarios de redacción que son 16.698€.

**Sr. Rodríguez Davila:** O goberno insiste con este proxecto, nós seguimos na mesma postura vamos a votar en contra e nos remitimos a intervención feita polo noso grupo no pleno de





febreiro, creo que claramente ao noso entender é negativo para esa zona executar este proxecto tal como se trae a pleno e como posiblemente se vai a aprobar na tarde de hoxe. Nós non estamos de acordo en eliminar tantas prazas de aparcamento nesa zona da rúa Coruña onde é compatible a zona peonil, a zona do tráfico rodado así como a de aparcamento. Recordar que aí hai 46 prazas de aparcamento e o proxecto contempla só 11 e polo tanto o cambio é radical, e así como noutras humanización si se deixou no seu momento prazas de aparcamento nós insistimos que onde pasa tráfico rodado e sexa posible deixar algunha praza de aparcamento estamos de acordo con elo, o que non estamos de acordo é coa eliminación drástica porque iso ao final á larga repercute negativamente, ao noso entender, na funcionalidade das persoas que non vivan no casco urbano e tamén na actividade comercial salvo que sexa peonil totalmente. Agora ben, si se deixa pasar tráfico rodado ten que ser compatible a zona de aparcamento, non na cantidade que hai actualmente, loxicamente, xa o dixen no pleno de febreiro que como dixen é perfectamente mellorable esa rúa con mantemento de aparcamento e sobre todo compatibilizando o que a cabo de mencionar. Estamos de acordo en reducir prazas de aparcamento nesa rúa porque non é posible melloralala sen reducir prazas de aparcamento sobre todo no seu treito final antes da pequena rotonda na zona de Altamira, pero é certo que na parte inicial pasando o inicio do Parque Raiña Aragonta hai un ancho suficiente para poder facer compatible esas cuestións que acabo de mencionar, polo tanto o noso voto vai ser negativo.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** O Grupo Socialista ao igual que no anterior pleno considera positivo a creación dun espazo amable na zona da rúa Coruña sobre todo polo tráfico de nenos e nenas, nais con carriños, así como persoas con mobilidade reducida dado que necesidade de conexión que ten esa zona co colexio Altamira e todos este proxectos que entran dentro do antigo Plan Ágora da antiga Deputación de Pontevedra do anterior goberno, en principio mostrámonos a favor deste proxecto.

**Sr. Guerra García:** Nós no pleno no que se trouxo este punto non cuestionamos en ningún momento o proxecto, entendemos que si se quere alargar o espazo para as persoas indubidablemente hai que reducillo aos vehículos, iso témolo claro, outra cousa é como o facemos, pero hai que retirar un pouco os vehículos dos lugares máis céntricos da zona urbana e ademais o Plan Ágora da anterior goberno da Deputación precisamente ía nese camiño, non se entende un Plan Ágora que tivera unha perspectiva diferente, será tal vez por iso que o Plan Ágora na súa execución vai desaparecer no actual goberno da Deputación, está claro que xa non o contemplan. Nós en todo caso o que nos opoñiamos era a deixar a man aberta aos investimentos sen contar con unha maioría, dixémolo así e seguímolo mantendo, si pola parte do goberno hai un compromiso público de pactar, xa nos gustaría que fora con toda a Corporación pero cando menos cos grupos de apoiamos a investidura, pactar os investimentos nós darémoslle para adiante aos proxectos non temos problema ningún pero ten que existir ese compromiso público de que os investimentos e neste momento creo que son tres os proxectos, os dous de hoxe máis o da rúa Ador, que os investimentos se negocie no seu momento a súa execución cando menos coa maioría da investidura, é o compromiso que queremos.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Penso que pola parte do goberno non teríamos problema de cara a que se vai executar este proxecto, creo que como coincidimos os grupos de esquerdas desta Corporación oxalá a Deputación de Pontevedra continúe apoiando a rede Ágora, continúe apoiando o tráfico peonil e non o tráfico dos vehículos e financien este tipo de proxectos pero me temo que por desgraza non vai ser así e polo tanto continuaremos buscando financiación



para este tipo de proxectos, que evidentemente esta non é unha das humanizacións que consideramos prioritarias pensamos que hai outras rúas que deberían humanizarse antes como por exemplo Ador e Tilve e polo tanto pola parte do goberno non hai problema ningún en acordar a execución de este proxecto.

**Sra. Alcaldesa:** Xa o dixo o compañeiro Álex, adquirimos ese compromiso de negociación antes da execución oxalá poidamos sentarnos a negocialo moi pronto porque iso significaría que teríamos financiación por parte da Deputación, xa non pido que se chame Ágora pero vendo o modelo que existe, por exemplo en Pontearreas cando ademais a actual Alcaldesa é Deputada Provincial o que tiña feito o goberno anterior que era priorizar o uso peonil se está diluíndo pois supoño que a aposta pola recuperación do espazo público non é precisamente a aposta desta Deputación, oxalá me equivoque e sigan adiante con este plan Agora ou calquera outro que o que permita sexa a recuperación do espazo para o uso das persoas que sempre ten que ser compatible co uso dos coches, por suposto. Dou paso a lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 299.780,65€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.028,05€ e o presuposto sen IVE a 247.752,60€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0036 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0009 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 299.780,65€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.028,05€ e o presuposto sen IVE a 247.752,60€.*



**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**TERCEIRO.** Adquirir o compromiso de negociar cos grupos da oposición as inversións que se realicen ao abeiro deste proxecto con carácter previo á execución do mesmo.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por SETE VOTOS A FAVOR dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1); e CATRO EN CONTRA dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal PP, adoptando o seguinte acordo

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 299.780,65€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.028,05€ e o presuposto sen IVE a 247.752,60€.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**TERCEIRO.** Adquirir o compromiso de negociar cos grupos da oposición as inversións que se realicen ao abeiro deste proxecto con carácter previo á execución do mesmo.”

**Expediente798/2024. Aprobación de “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Canosa:** Continuamos con Rede Ágora 2022, traemos a aprobación deste pleno outro dos proxectos financiados con cargo a este programa da Deputación de Pontevedra, neste caso é o proxecto de humanización da rúa Victoriano Pérez Vidal entre e a continuación onde remata a humanización actual co entronque coa rúa Rafael Tilve Adrio ata o entronque coa rúa Rollo. É unha humanización que segue os modelos empregados e que cumpre cos parámetros da Rede Ágora, de aproveitamento e de aumento do espazo dispoñible para as persoas. Penso que é unha liña clara e é a liña na que se debe continuar, unha liña que xa se leva establecendo dende fai moitos anos e sobre todo se puxo en marcha coa elaboración do PEMUS, continuamos con esa liña marcada neste PEMUS e que vai cara esa vía de recuperar a rúa e sobre todo o espazo público cara as persoas.

Neste proxecto tratase de ampliar o espazo para as persoas e onde se nota é na beirarrúa, pasando as beirarrúas con anchos igual ao superior a 2,50 ademais é unha gran mellora da accesibilidade xa que se van, sobre todo na forma da plataforma única, van estar situadas a mesma cota e ademais pasamos de unha beirarrúa, en algúns casos, de un metro a beirarrúas



de un mínimo de 2,50. Na zona inicial, a circulación quedaría cun solo carril en sentido ascendente situaríase un espazo peonil de plataforma única similar ao que hai no cruce do “Charango” e o que faría é calmar o tráfico, tamén para calmar o tráfico no entronque coa rúa Rollo colocaríase unha zona de adoquín. É un deseño sobre todo que se establece na rede Ágora que o que fai é reducir a velocidade dos vehículos e ademais de a introdución de mobiliario urbano e de zona de arbolado e de zona verde. A beirarrúa vai con un tratamento de granito e beirarrúas que van ter sempre un mínimo de 2,50 e un máximo de 4 metros e o entronque coa rúa Tilve en lousas de granito e despois ao final en adoquín, importante tamén a renovación de todas as infraestruturas urbanas isto é o que non se ve, o que sube moito o prezo dos proxectos e a veces, como ben dixo a Alcaldesa, no Carreiro do Rollo é o máis importante. Así neste proxecto contéplase a substitución e a renovación total da rede de saneamento, da rede de auga pluviais introducindo unha rede separada da actual, tamén unha rede de abastecemento de auga, unha nova rede de alumado, unha nova rede de electricidade e ao final a mellora de todas as tapas de rexistro, arquetas, etc...un proxecto que traemos a aprobar pero que polo de agora non temos o financiamento para levalo adiante pero evidentemente o proxecto está feito e hai que aprobalo, no caso de facelo o presuposto base de licitación é de 314.185,94€ e o que está subvencionado pola Deputación de Pontevedra, pola Rede Ágora é a redacción do proxecto que é de 13.250€. Como dixeran no punto anterior, gustaríanos avanzar na humanización da Vila pero evidentemente os fondos son os que son e non están dispoñibles para todos e entre os tres proxectos que temos agora dispoñibles para humanizar, como son a rúa Ador e Tilve, e por outro lado Coruña e por outro lado este proxecto creemos que estes tampouco son tan prioritarios como os outros, polo que non está cerca a súa execución pero o proxecto xa que está feito traémolo aquí para aprobar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Collendo este proxecto di *“situación actual da rúa, na actualidade a rúa consta con un único carril para a circulación de vehículos con unha area de aparcamento en liña en ambos lados do vial, existe un tramo de aparcamento en batería no lado esquerdo do carril do inicio do tramo, e beirarrúas a cada lado de dimensións reducidas e irregulares”* isto é falso porque isto refírese ao proxecto da rúa Coruña, un copia e pega, somos humanos, hai fallos todos temos erros e polo tanto queda perdoado o redactor deste proxecto, o certo é que a realidade da rúa non é así, seguro que o goberno non leu o proxecto e non se deu conta. Di o proxecto que o entronque da rúa Rafael Tilve resolverse cunha praza que terá un tratamento en lousa de granito co fin de reducir a velocidade do tráfico rodado antes do entronque, a min o que me preocupa é que se prevé colocar adoquíns antes de chegar á rúa Rollo e iso sabemos todas as consecuencias que ten o adoquín, non en Salceda, senón alí onde se pon, temos un claro exemplo na Esfarrapada diante a Praza de Abastos sobre todo o ruído, que se contemple a día de hoxe para reducir a velocidade adoquín nunha rúa que ten o tráfico que ten ao lado de edificio, etc... tan só por iso merece unha rectificación este proxecto. Hai xeito e maneiras de reducir o tráfico sen colocar adoquíns, as consecuencias xa as sabemos e as padecen os veciños que viven na rúa Pontevedra. Aquí non é so que eliminan algunha praza de aparcamento e que eliminan todo, segue dicindo o proxecto *“respecto as prazas de aparcadoiro non se proxecta praza de estacionamento”*, é dicir, eliminan todos, *“tampouco se considera necesario prever un espazo para carga e descarga”* está moi ben, é certo que hai no inicio da propia rúa pasando Abanca e tamén na parte da riba da propia rúa pero o digo e o leo para que quede claro e manifesto, o dixemos na Comisión e o temos dito en reiteradas ocasións o goberno encarga proxectos sen consultar con ninguén, sen pedir opinión a ninguén e seguro que lle iría mellor ao goberno, mellor aos Salcedenses e nos iría mellor a todos, e nós estamos de acordo en seguir mellorando o casco urbano ou igual que as parroquias e os barrios con máis infraestruturas e servizos, nós estamos de acordo en ganar



espazo para os peonís por iso en todos e en cada un dos proxecto ou na maior parte dos proxectos de humanización do noso casco urbano o noso grupo, non neste mandato senón nos anteriores e nos anteriores, votamos a favor, salvo en algunhas excepcións que nos abstivemos porque non estabamos de acordo ao cen por cen ou porque tampouco se recolleu ningunha das propostas que nós fixemos aos mesmos, pero non podemos estar de acordo con este proxecto porque unha vez máis se eliminan todo o aparcamento, e insistimos que é compatible as dúas cousas. Decía o señor Concelleiro que é a liña que se ven seguindo é mentira, é falso porque vostede sabe igual que eu que todos os proxectos anteriores se contempla aparcamento e aí están as probas das diferentes rúas, rúa Fernández Sestelo, Avenida de Galicia, Rafael Tilve, Compostela, inicio da rúa Coruña, etc... onde contou case todas elas co apoio maioritario, unánime da corporación onde se eliminaba unha fila de aparcamento, onde se gañou espazo peonil, onde se gañou ancho de beirarrúas, onde se fixo máis accesible cómodo poder pasear e eu teño a sorte de ter tres fillas e tiven que andar con carro de xemelas e sei do que estou a falar e polo tanto nos sempre apoiamos humanizar, mellorar, investir no benestar das persoas, pero non podemos apoiar este tipo de actuacións precisamente porque a veces chocamos coa incoherencia e o vamos a ver en breve. Si un trae a este pleno o poder facer plazas reducidas de mobilidade de estacionamento é porque existen no casco urbano, é porque se deixaron nesas zonas onde hai máis afluencia de persoas e por iso estamos de acordo en proxectos que contemplen a compatibilidade do vehículo cos peóns e senón facemos, como dixen antes, rúas peonís e xa non hai ningún problema, buscamos un espazo concreto o peonalizamos completamente e xa non temos ese problema pero si deixamos pasar vehículos, si hai comercio e si hai necesidade, e o vimos onte mesmo, as voltas que tiveron que dar a xente para atopar aparcamento no día de onte.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Continuando na liña do proxecto anterior, independentemente que si recoñecemos que é bastante mellorable o proxecto sobre todo no tema de carga e descarga e determinadas accións máis, pero si consideramos que si é necesario nesa rúa un aumento de espazo para os peóns e reducir a mal tránsito que hai para eles en determinados espazos porque hai zonas de rúa onde malamente pasan dúas persoas, evidentemente recoñecemos que o proxecto é bastante mellorable en bastantes cousas.

**Sr. Guerra García:** Xa se dixo que si queremos aí gañar espazo para a xente vai a ter que ser a conta dos vehículos, a nós o que nos preocupa é o tema da previsión, non sei si hai unha previsión no cruce coa rúa Rollo e dunha zona de carga e descarga nesa rúa, porque si non hai previsión todo ese treito de rúa queda sen zona de carga e descarga e dificulta aos profesionais do transporte o seu traballo diario, polo resto asumamos alargar as beirarrúas vai significar retirar espazo para os vehículos ou é iso ou tal como están nas rúas na Esfarrapada, ou vehículos ou a xente seguirá batendo unha con outra nas beirarrúas como é o caso do que nos ocupa.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Entendo que todos os proxectos son mellorables pero si que aquí si que nos fiamos dos criterios técnicos e sobre todo este proxecto forma parte da Rede Ágora e os proxectos fanse seguindo esas directrices que se marcaron no seu día. Respecto da carga e descarga na propia rúa de Victoriano Pérez Vidal antes de chegar ao entronque de rúa Rafael Tilve xa hai unha zona de carga e descarga e no caso de executarse isto penso que non habería ningún problema, que xusto no entronque coa rúa Rollo hai espazo suficiente para establecer outra zona de carga e descarga ou incluso a continuación da humanización na zona que quedaría sen humanizar tamén se podería colocar unha zona de carga e descarga. A gran preocupación do Partido Popular de Salceda que son os coches creo que falar de problemas e





aparcamento en Salceda a día de hoxe ninguén o cree, 23 aparcamentos disuasorios máis de 1200 prazas dispoñibles nestes aparcamentos, a ver si hai algunha zona de Salceda que quede a máis de cinco minutos a pe de eses aparcamentos ou me gustaría que o señor Davila fixera un vídeo os as probas suficientes no que me mostrara un día normal do Concello, non o día de Festas ou no día de mercado semanal. Gustaríame que atopara un punto do casco urbano no que estivera a máis de cinco minutos a pe, creo que calquera persoa de Salceda que se desprace habitualmente a un Concello como Tui, como Pontearreas, como Porriño creo que esa persoa sae quince minutos antes porque sabe que para atopar sitio para aparcar non é tan doado como en Salceda, polo tanto que veña coa demagogia que non hai sitio para aparcar, que é malo para o comercio creo que quedou máis que demostrado non solo para Salceda, que é unha mentira do século pasado e por sorte somos moitos os Concellos que apostamos polas humanizacións, que sería de Pontevedra si aínda tivese esas ideas ou que sería desta Praza do Concello si mantivésemos esas ideas de dicir non hai que deixar espazo para aparcar algúns coches, creo que moitas veces e en moitas ocasións hai que ser valentes. Me quero lembrar do ex-Alcalde, Marcos Besada, e os Concelleiros naquel momento que apoiou e tirou para diante coa humanización da Praza do Concello enfrontándose co rexeitamento de practicamente toda a Vila e penso que hoxe en día é impensable para calquera de nós que volveran os vehículos a esta praza. Temos que reflexionar que modelo de Vila queremos e que queremos seguir si volver ao século pasado onde o máis importante eran os coches e a contaminación ou ir a un modelo máis san, máis saudable e máis beneficioso e penso que non ten ningún pero o modelo de recuperar espazo para as persoas.

**Sr. Rodríguez Davila:** Non sei si se refire ao século pasado o que se aprobou polo ex-Alcalde e Corporación dos proxectos que lle mencionei anteriormente, Avda. De Galicia, Sestelo, Compostela, Rafael Tilve si son proxectos do século pasado segundo vostede, ese é o modelo que nos apoiamos e seguimos apoiando, quen mudaron foron vostedes polo tanto a realidade de vostedes mesmos choca frontalmente co que acaba de dicir vostede mesmo. Fala vostede de Tui, Tui acaba de humanizar un rúa onde contemplou aparcamentos, fala de Porriño onde ten un aparcamento subterráneo e onde as humanizacións, a maioría delas, contemplan aparcamento en outras zonas. Para darlle espazo aos peóns non hai que eliminar o tráfico, aquí estamos eliminando o sentido da circulación e nós estamos de acordo en facer sentido único cara arriba e estamos de acordo en mellorar as beirarrúas, o ancho das mesmas, etc...pero iso é compatible con deixar unhas prazas de aparcamento, non é cuestión de distancia do aparcamento é cuestión das persoas que o utilizan, e quen compra e quen ven a Esfarrapada, non é cuestión de que se aparque o coche todo o día diante dun comercio, é cuestión de que temos que cambiar o modelo de aparcar nas rúas céntricas do Concello, cousa que propuxemos xa fai moito tempo e que nunca se fixo nada por parte dos gobernos de esquerdas progresistas e nós planteámolo fai moitos anos esa cuestión do aparcamento nas rúas céntricas de Salceda. É moi fácil falar como algún ex-concelleiro e logo ver como domingo si, fai anos, aparca e ía a buscar o periódico e aparca na media isleta, iso sucedía con un ex-concelleiro do goberno que aprobou as humanizacións xunto con nós e dicía exactamente o mesmo que vostede, que os aparcamentos están a menos de cinco minutos, pero chegaba co coche todos os domingos e metía o coche alí e baixaba a comprar o periódico, iso pasou e iso segue pasando a día de hoxe con outros veciños e entón un ten que dar exemplo e practicar con exemplaridade o que non se pode é dicir unha cousa e logo facer e practicar outra. Quero dicir que recuperar espazo para as persoas é compatible co compatibilizar a necesidade para facilitar as comprar, para reducir o tempo de estacionamento nesas rúas céntricas e estamos de acordo co sentido único, ampliar as beirarrúas, na plataforma única que debería ser total para que outras cousas cando hai



eventos e temos que pechar as rúas, como é o caso do Entroido, poder desfrutar dun espazo plano, estamos de acordo en todo iso, pero non poñades etiquetas as persoas porque non compartamos algo concreto dun proxecto con que todo é negativo, non señor Canosa non é así e saben perfectamente o que estou a dicir porque vostedes o seu partido aprobou proxectos no casco urbano tal como nós defendemos no día de hoxe.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Creo que está claro que todos estamos de acordo en que é necesario modificar esa rúa, entendo que o importante sería darlle para adiante ao proxecto e logo posteriormente facerlle as modificacións pertinentes.

**Sra. Alcadesa:** No vou pasar de puntillas con algo que se repite sistemáticamente como é a falla de aparcadoiro en Salceda, hai dous mantras que repite sistemáticamente o Partido Popular é a banca rota e a situación económica do Concello ano tras ano, antes eran as nóminas como agora somos os que menos cobramos de toda a Comarca xa non se mete coas nosas nóminas e agora é situación de banca rota que despois milagrosamente, porque esta é a política de oposición de teñen noutros Concellos logo cando chegan a gobernar resulta que hai diñeiro para todo tipo de eventos, para todo tipo de obras. Supoño que forma parte da súa forma de facer política atemorizando a veciñanza e outra é a redución de aparcadoiros e a falla de aparcadoiros en Salceda e eu creo que é moi positivo dar cifras, temos 22 aparcadoiros disuasorios e en tramitación cos propietarios e propietarias que nos van a ceder o número 23 isto vai supor das 1200 que tiñamos pois 300 máis, aproximadamente 1500 prazas as que hai que sumar as prazas de garaxe existente e as que existen na rúa. En Salceda hai 3069 prazas de estacionamento das cales 1173 prazas son de estacionamento na rúa e 1896 prazas nas edificacións, que sumadas as 1500 de aparcadoiros gratuítos suman un total de 4569 prazas de aparcadoiro en Salceda, sabedes cantos vehículos censados hai en Salceda? 2158 estes son o totais dos vehículos censados en Salceda. Dicir que Salceda ten falla de aparcadoiro é mentira, atrévome a dicir nesta sesión plenaria que somos o Concello da área metropolitana de Vigo con maior número de aparcadoiros e gratuítos e digo gratuítos porque podes ter un aparcadoiro subterráneo como Porriño, privado pagando, é unha reflexión eu non sei si vós preguntastes porque nunca se puxo en marcha un intento de negocio de aparcadoiro privado nesta Vila, digo eu que si fora rentable estaría en marcha, ao mellor non é tan rentable estando no centro do pobo a un tiro de pedra da Praza de Abastos ou da Praza de Concello ou de todos os edificios municipais que ofrecen servizos ou do núcleo máis importante do comercio, igual é por algo igual é que estas 4569 prazas de aparcadoiro son máis que suficientes para o noso Concello. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en novembro de 2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 54.528,14€ e o presuposto sen IVE a 259.657,80€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.*

*Visto o informe técnico núm. 2024-0076 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001,*

de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en novembro de 2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 314.185,94€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 54.528,14€ e o presuposto sen IVE a 259.657,80 €.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por SETE VOTOS A FAVOR dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1); e CATRO EN CONTRA dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal PP, adoptando o seguinte acordo

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en novembro de 2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 314.185,94€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 54.528,14€ e o presuposto sen IVE a 259.657,80 €.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

#### Moción do Grupo Mixto-BNG sobre creación de prazas de aparcadoiro de rotación intensiva.

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

**Sr. Guerra García:** O BNG fai esta proposta a este pleno porque entendemos que debe facilitarse as necesidades que ten a xente, sobre todo das parroquias porque a xente da zona urbana para ir a un caixeiro, a correos, a farmacia seguramente non necesite o vehículo pero os que vimos de fora si, polo que fago a seguinte proposta:



*“As persoas que necesitan realizar trámites na Esfarrapada (maioritariamente veciñas e veciños das parroquias) de curto espazo de tempo, caixeiros, bancos, farmacia, concello, correos...) precisan moitas veces dar máis dunha volta para atopar onde estacionar, investindo máis tempo nesta tarefa que no trámite que van realizar.*

*En moitas áreas urbanas encárouse esta necesidade, establecendo espazos de estacionamento de maior rotación que os regulados mediante disco (o.r.a.), para facilitar que o tempo investido nos trámites de rápida execución non se vexa condicionado pola falta de aparcadoiro.*

*Na Esfarrapada hai 2 puntos nos que conflúen determinados establecementos nos que a veciñanza acude con frecuencia, para trámites e xestións de pouco tempo:*

*1- O inicio da rúa Victoriano Pérez Vidal (as 3 entidades bancarias que hai no termo municipal, os caixeiros desas mesmas entidades bancarias, a casa do Concello e unha farmacia).*

*2- A intersección daría Vigo e a av. De Galicia, a oficina local do servizo estatal de correos.*

*En ambos os dous casos, a numerosa afluencia de veciños e veciñas fai necesario facilitar o estacionamento, para a realización dos trámites que nestes establecementos se fan.*

*Polo anteriormente exposto, o BNG traslada a seguinte proposición:*

*1.- Que se pida informe ao departamento da Policía Local, aos efectos de establecer prazas de rotación intensiva (cor laranxa), con autorización para estacionar en períodos de 15 minutos.*

*2.- No inicio da rúa Victoriano Pérez Vidal, 4 prazas que actualmente están dentro da ordenanza da o.r.a., co mesmo horario de afección que o establecido para a o.r.a.*

*3- Nas inmediacións da oficina de correos, 2 prazas onde se considere máis aquelado o seu lugar para facilitar o labor que se pretende, co horario de afección que corresponda ao de apertura da oficina de correos.”*

**Sr. Rodríguez Davila:** Efectivamente non necesita máis explicación, a súa incoherencia quedou patente nun minuto atrás do que acaba de pedir e solicitar, acaba de votar vostede a eliminación completa de aparcamento nunha rúa e ao mesmo tempo nesa rúa pide que dúas prazas se cambie o tempo de estacionamento que como é o inicio da rúa Victoriano Pérez Vidal. Vostede pide iso porque existen esas prazas de aparcamento verdade? Porque si o modelo que vostede acaba de apoiar se executara dende o ano 2007 ou anterior non existiría ningunha praza de aparcamento para poder agora vostede solicitar o que acaba de solicitar e que nós estamos de acordo, non co que propón senón co fondo en si. Na vida hai que practicar ser coherentes e ás veces, como digo eu dende hai moitos anos, intentando selo non o conseguimos e eu o primeiro todos, temos dereito a equivocarnos, pero tan manifestamente contraditorio do que vostede promulga unha vez e a contraria minutos despois iso non é crible nin é serio, perdoa que llo diga e llo digo con todos os respectos. Efectivamente, o dixen na miña intervención anterior, pero non é de agora e que hai moitos



anos a través de diferentes iniciativas e tamén de programas electorais o plasmamos, este é o programa electoral que presentamos no 2011 e no apartado de seguridade e tráfico un dos puntos decía “Plan de reordenación do tráfico na Vila, na zona azul e creación da zona de verde de estacionamento por 45 minutos de tempo” non é cuestión de cores porque daquela a zona verde non existía, non é cuestión de que nós tiñamos razón no tempo dos minutos é cuestión dunha necesidade que existía no ano 2011 e que no ano 2024 é moito máis necesario, polo tanto estando de acordo no fondo de que se debería regular a través da ordenanza municipal o tempo de estacionamento non de dúas prazas da rúa Victoriano Pérez Vidal ou na rúa Vigo para o tema de Correos, senón que creemos que en todas as rúas céntricas do noso casco urbano se debería aplicar ese tempo máis reducido para rotar o dobre de vehículos durante o día e así poder facilitar poder ir a comercio ou as xestións puntuais a diferentes edificios públicos ou tamén no comercio local, iso significaría que a eliminación de todo o aparcamento que se produxo nos últimos anos consecuencia de mellorar o ancho das beirarrúas, que nós estamos de acordo insisto, compatibilizase co aumento de rotación de vehículos no tempo de estacionamento, tan claro e sinxelo como iso.

Polo tanto nós non vamos a votar en contra desta moción, é certo que non a vamos a apoiar porque debería todos tomar unha iniciativa de traballo, coller cada un de nós as nosas diferentes propostas e chegar a un acordo para ver de que mellor xeito podemos regular o estacionamento nas rúas principias do noso casco urbano, polo tanto o noso voto vai ser a abstención tendendo a man e buscar entre todos unha mellor solución para o ben da cidadanía, precisamente polo que vostede di na exposición de motivos, necesidade dos que veñen de fora do casco urbano a nosa Vila, claro que hai aparcamentos libres en días puntuais pero hai outros como onte que custaba para aparcar pero claro, si un está dentro da Casa do Concello e non está fora é certo que a veces non se entera, polo tanto si temos un problema porque non buscarlle unha solución rotativa de menos tempo e non miremos para outro lado e non exaxeremos as cousas como pretenden vostedes facer, é a realidade e a realidade é que hai que buscarlle unha solución, e a realidade é que hai que axudar ao comercio, a realidade é que hai que axudar a que as prazas no centro urbano sexan máis rotativas en rúas céntricas e en puntos estratéxicos como tamén plantexamos, e aínda está sen resolver, a creación das zonas de aparcamento diante das farmacias, foi unha proposta deste grupo que se atendeu polo goberno e esta a espera de que se execute, que se faga realidade a da Gándara que pedimos fai meses e está a día de hoxe sen realizar. Polo tanto, remato como empecei, vamos a abstermos e tendemos a man a que todos os grupos participen na redacción dunha nova ordenanza que regule e reduza o tempo de aparcamento nas principais rúas do noso casco urbano.

**Sr. Rodríguez Canosa:** No fondo é algo que estamos de acordo en que quizais hai zonas da Vila na que a rotación debería ser un pelín máis rápida ou distinta, eu hai de algún temas que entendo un pouco máis outros dos que entendo un pouco menos pero non son experto no tema que nos concierne, pero no Concello de Salceda temos un excelente equipo de Policía Local que para ese traballo está máis acreditado que nos, polo tanto si que vexo e miraría en certo modo o primeiro punto que é que se elabore un informe, pero os outros puntos deberíamos deixar que os expertos decidan onde é necesario esta rotación e non os políticos porque si que indica o Grupo mixto a rúa Pérez Vidal, igual na rúa Joaquín Fernández Sestelo diante de dúas panaderías igual é máis importante aí tamén, igual noutra zona do Concello como pode ser na rúa Compostela ou tamén na propia Tilve Adrio, polo tanto é algo que é mellor que o faga a xente que sabe diso e a coloción con isto o que habería que facer, como ben dixo Santi, é modificar a ordenanza da zona azul e para iso o primeiro que hai que





modificar é a ordenanza de circulación, de feito é un traballo que xa levamos uns meses con iso en colaboración coa Policía Local e xa temos un primeiro borrador que inclúe entre outras cousas tamén a posibilidade de modificación da actual ordenanza da zona azul ou a inclusión de distintas zonas, como zona azul, verde, laranxa ... e tamén dun xeito ou outro darlle legalidade as prazas que están dispoñibles para as farmacias. En resumo, si que no fondo estamos de acordo con esta moción pero non podemos votar a favor tal como está porque creemos que as prazas débenas decidir a Policía Local que ten contacto directo co tráfico da Vila e que informe onde é necesario ubicar esas prazas.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Esta proposta ou similar chegou a diversos colectivos sen chegar a consenso nin a aprobación por parte deles, basicamente nos optamos porque se faga un estudio e como tema dos novos proxectos de humanización que se prevén integralo de unha maneira máis estudiada, o Grupo Socialista como non o temos demasiado claro vamos a optar pola abstención.

**Sr. Guerra García:** Dicirlle ao señor Rodríguez Davila que precisamente por desprazar os vehículos un pouco máis cara fora é onde se fai necesario este tipo de situacións non ao contrario, nós en principio non nos negamos, estamos facendo unha proposta para que todos os grupos nos poñamos a traballar que poida haber outros lugares dentro da zona urbana que designen ou que se vexa tamén necesario establecer prazas de rotación intensiva, agora o que é certo é que un non pode votar dez minutos buscando un aparcamento ou votar dez minutos indo e vindo para facer unha xestión de dous minutos nun caixeiro, si o podemos facilitar, estamos aquí para iso si o vemos moi negro para iso está a Policía Local, para iso está a petición de informes que debe ir ao departamento correspondente, neste caso a Policía Local, agora que é unha necesidade todo o mundo o ve, si queremos afrontalo ou queremos negala será outra cuestión.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Nós estamos a favor de votar a favor, pero si só se vota o punto un do acordo porque creemos que debería ser, como dixen antes, neste caso a Policía Local a que determine en que zona, en que rúas se deben establecer estas prazas polo tanto si non hai ningún problema en que o Grupo Mixto de retirar o punto do dous e tres do acordo nós non teríamos ningún problema en votar a favor.

**Sr. Guerra García:** Nós a parte dos informes pertinentes o que propomos é que todos os grupo participemos no debate de esa modificación da ordenanza.

**Sra. Alcaldesa:** No fondo estamos todos e todas de acordo na necesidade desta moción pero que non sexamos nós os que definamos os espazos por iso si so óse contempla o punto un o noso voto vai ser favorable.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Reiteramos que é necesario estudialo e chegar a consenso con determinados colectivos cos que en tempos pasados nos eu estaba, e aínda estou neses colectivos, se falou non se estaba de acordo no tema polo nós en principio incidimos na necesidade do estudio e incidimos en que nos imos a abster neste punto.

**Sr. Rodríguez Davila:** Creo que o importante é que traballemos dende o inicio, hai que pedir eses informes a policía local e creo si queremos dar un xesto de vontade de empezar a traballar na modificación da ordenanza e si se inclúe solo na votación o tema da Policía Local damos por feito que iso se vai facer non temos ningún problema en apoialo, sempre e cando



é que o que se vote é pedir eses informes a Policía Local que iso xa digo votemos ou absteñámonos cando se inicie o traballo si así se fai, loxicamente ese informe hai que pedilo si ou si, polo tanto non temos ningún problema en votar a favor.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por NOVE VOTOS A FAVOR dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PP (4), e BNG (1) e DÚAS ABSTENCIÓNS dos/das Concelleiros/Concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(2); adoptando o seguinte acordo

ACORDO:

1.- Que se pida informe ao departamento da Policía Local, aos efectos de establecer prazas de rotación intensiva (cor laranxa).

**Moción do Grupo Mixto-BNG instando ao impulso e apoio á mobilidade eléctrica.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sr.Guerra García: Dou lectura a moción seguinte:

*“A transición enerxética, unha necesidade que se vén pondo na mesa da opinión pública desde hai anos, polos grupos ecoloxistas e organizacións adicadas á conservación do medio ambiente, agranda o paso na medida en que a nova situación social e sanitaria, provoca da pola pandemia da COVID-19, trouxo un impacto na conciencia cidadá sobre os efectos do cambio climático na vida ea saúde das persoas. Ninguén pode negar que o transporte, público e privado, forma parte dos elementos de consumo de enerxía que axudan máis activamente ao quecemento global.*

*O consenso científico sobre as causas e os efectos do quecemento global obrigan, a calquera administración, a facer o que estea na súa man para combatelo e unha administración local, como é o concello de Salceda de Caselas, non pode inhibirse na parte de responsabilidade que lle corresponde cara as súas veciñas e os seus veciños.*

*A necesidade de amosar á cidadanía decisión e apoio a novos xeitos de mobilidade, respectuosos coa natureza e coa saúde das persoas, obriga ao concello de Salceda de Caselas a implicarse na realización de infraestruturas que faciliten a mudanza dos medios de mobilidade.*

*Polo anteriormente exposto, o BNG traslada a seguinte proposición:*

- 1. Que se dote á veciñanza dunha infraestrutura de carga eléctrica, con capacidade mínima para 2 vehículos ao mesmo tempo, segundo os criterios técnicos máis acidos, en consonancia coa información técnica que faciliten as empresas especializadas e interesadas na instalación.*
- 2. Que se dote a cada vehículo domiciliado no Concello de Salceda de Caselas dunha tarxeta para recarga eléctrica (nos casos de vehículos PHEV ou EV) de balde os primeiros 5 anos.*
- 3. Establecer tarifas accesibles para vehículos de non residentes.*



4. *Que os próximos vehículos adquiridos polo Concello de Salceda se correspondan cos modelos técnicos relacionados anteriormente.*

5. *Que se fixe o período setenario 2024-2030 como etapa de transición a un modelo exclusivamente eléctrico, para todo o parque móbil do Concello de Salceda de Caselas."*

**Sr. Guerra García:** Nós o que pretendemos é que esta Corporación Municipal se comprometa ou inste ao goberno local a comprometerse nunha acción máis directa no tema de mobilidade eléctrica.

**Sr. Rodríguez Davila:** Un pouco como na moción anterior, no fondo podemos estar de acordo outra cuestión é os debates de onde sacamos e xeneramos a enerxía, porque aí tamén hai discrepancia, porque todos queremos enerxías renovables pero uns non están de acordo cos muíños nos montes, ou non están de acordo cos embalses, ou non están de acordo con outras cuestións de como producir electricidade pero ese é outro debate, o importe é que no futuro e xa o está sendo no presente a mobilidade vai ser nos vehículos eléctricos, oxalá en breve poidamos ver moitos máis coches eléctricos circulando, pero é certo tamén que temos un grave problema de instalacións de puntos de recarga, non en Salceda que non temos ningún como dixen no pleno anterior, o certo é que despois de aquel pleno no que puxen enriba da mesa as deficiencias que ten este Concello respecto da mobilidade eléctrica ou da utilización das enerxías renovables nas instalacións en edificios públicos, o mellor aí foi onde tivo a ben o BNG traer esta moción ao pleno, que nós aplaudimos no sentido de que é unha necesidade como así o manifestamos publicamente nós no último pleno, onde non temos ningún, non só vehículo eléctrico senón nin híbrido, ningún punto de recarga para ningún coche enchufable ou eléctrico que puidera ter algún veciño de Salceda. Temos unha serie de deficiencias en todos os sentidos respecto desta nova modalidade de movemento na circulación do transporte e tamén na mobilidade das persoas.

Como pasa coa moción anterior nós non podemos a votar a favor de todos este puntos, aquí hai unhas discrepancias importantes onde podemos entrar en debate e creo que en aras de buscar ese consenso e debater como poñer en marcha esa necesidade e ese compromiso de, entre outras cuestións, que os vehículos futuros próximos que poida adquirir o Concello, me consta que se pediu un novo vehículo para a Policía Local, teñen que ser desas casuísticas non creo que iso non debería haber dúbidas ao respecto de esa necesidade. É certo que falta moito tamén na industria automobilística para que diferentes tipos de vehículos, me estou a referir por exemplo aos máis pesados, aínda falta moito desenrolo tecnolóxico para que iso sexa rentable, tanto a inversión que hai que facer como tamén a rendabilidade no quilometraxe ou tamén a rendabilidade de duración da propia batería, porque unha cousa é os quilómetros e outra cousa é a duración da batería. Estando de acordo co fin nós nos vamos a abster e tamén propoñemos que haxa un debate e que poidamos acordar e traballar ese compromiso político, inicialmente creo que si ou si o Concello debe poñerse mans á obra para instalar eses puntos de recarga urxentemente creo que sería exemplo, unha mensaxe á sociedade de ter eses puntos de recarga nos casco urbano inicialmente. Lembro que no pasado mandato este Grupo tamén puxo enriba da mesa esa necesidade das bonificacións para eses vehículos que poidan ter os veciños no imposto municipal, ao igual que a instalación, a bonificación de instalacións fotovoltaicas e enerxía solar e de outra índole nas vivendas dos veciños, creo que hai que ir por aí e fomentar que as persoas instalen nos seus domicilios, nos seus negocios este tipo de enerxía renovables que o é o presente e moito máis vai ser o futuro.



**Sr. Troncoso Estévez:** O noso posicionamento é totalmente a favor do impulso a mobilidade eléctrica como así o recollía o noso programa electoral. É certo que vivimos nunha época de transición enerxética na que se fai palpable que debemos cambiar o modelo de consumo enerxético que hai nesta sociedade hoxe en día, quedou palpable sobre todo na pandemia, que debemos cambiar do modelo de consumo. Cada vez debemos ser menos dependentes dos combustibles fósiles e facer unha aposta pola implantación das enerxías renovables, ben sexan solar, eólica, xeotermia, biocombustibles, etc... neste sentido a Unión Europea asumiu para ao ano 2030 un obxectivo de polo menos de un descenso dun 55% de emisións netas de gases de efectos invernadoiro en comparación con 1990, que é o ano base que se toma de referencia, e adicionalmente a combustión dos combustibles no transporte por estrada contribuirán nunha redución dun 42% con respecto ao nivel de 2005 temos que reducir un 42% nas emisións de gases de efecto invernadoiro no que é no transporte e a súa vez, traspasando a normativa nacional. A Lei 7/2021 da Lei do cambio climático e transición enerxética establece un obxectivo nacional de redución de emisión de gases efecto invernadoiro dun 23 % con respecto a 1990 e a maiores a Lei do Clima Europeo, tamén redactada no 2021 pretende marcar un horizonte para o 2050 onde se alcance a neutralidade climática, é dicir, que se manteña un equilibrio entre as emisións de gases de efecto invernadoiro e a absorción por sumidoiros, que son aquelas masas forestais, solos, océanos que o que fan é capturar o CO<sub>2</sub>, que haxa un equilibrio quere dicir que haxa o mesmo nivel de emisión que de absorción, polo tanto, son obxectivos moi ambiciosos. Nas administracións urxe traballar xa, temos responsabilidade neste tema e sobre todo dende as administracións locais temos que facer un esforzo moi grande en poder cumprir estes obxectivos. Dito isto, dende o Concello de Salceda de Caselas estamos dando pequenos pasos este ano 2024 temos solicitado unha subvención para un vehículo híbrido para a Policía Local pola convocatoria que saíu de unha subvención de compensación do fondo de compensación ambiental, existe tamén unha bonificación do Imposto de rodaxe para vehículos eléctricos dun 75% que será para a duración de aqueles vehículos que son de cero emisións, é dicir, van a estar sempre bonificados no 75% e os vehículos de tecnoloxía eco os cinco primeiros anos. Tamén temos sobre a mesa un par de proxectos para a dotación de puntos de carga eléctrica, si que estamos traballando nelo, creemos que debemos apostar pola mobilidade eléctrica temos varios proxectos enriba da mesa, dous son de empresas locais e un é dunha multinacional. Dentro do que poidamos intentaremos que a solución elixida sexa unha solución local e que poidamos contribuír tamén a mellora das empresas da zona. En canto novas adquisicións de vehículos, o compromiso vai ser sempre o de adquirir vehículos que sexan dunha tecnoloxía moito máis limpa que os combustibles fósiles, ben sexan de vehículos eco ou vehículos de cero emisións.

O noso posicionamento nesta proposición vai ser favorable, pero si é certo que temos que matizar dous dos puntos un deles é o apartado dous no que se fala de unha tarxeta de recarga eléctrica de balde os cinco primeiros anos, aquí non xa non é solo cousa nosa de que teñamos vontade ou non, estamos nun plan de axuste e terán que ser os informes técnicos os que digan si se pode bonificar de balde esta tarxeta ou no ou a idoneidade de esta medida, en calquera caso si que debemos dotar aos nosos veciños destes puntos de recarga. O último punto que pon que fixo o período de ata o 2030 como etapa de transición de que todo o parque de vehículos municipais sexa eléctrico, aí hai que utilizar o sentido común e nós intentaremos renovar a flota e por suposto cada vez que teñamos que cambiar de vehículo intentaremos buscar un vehículos eléctrico, híbrido ou algunha tecnoloxía que sexa máis limpa pero sempre e cando os vehículos que vaian quedando obsoletos vaian pedindo ese cambio.



**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Nós estamos a favor evidentemente da transición enerxética cara a vehículos eléctricos, coincidimos co dito polo Concelleiro de Medio Ambiente en canto aos cinco anos é debatible, así como poñer todo o parque eléctrico en tan pouco espazo de tempo pode ser economicamente inviable para o Concello, lembrar que este Concello entrou no Plan de Acción del Clima y Energía de man do anterior Concelleiro de Medio Ambiente Rubén González, polo que este Grupo está a favor de estas medidas, simplemente coincidimos co equipo de goberno o punto dous e catro poden ser un pouco difíciles de levar para a administración municipal.

**Sr. Guerra García:** Eu entendo que o punto dous causa un pouco de controversia de todos xeitos para os vehículos eléctricos enchufables ten pouca operatividade, non temos problema en eliminar este punto de cara a facilitar un acordo e en todo caso, no que respecta ao actual número cinco o setenario 2024-2030 é por marcar un criterio para intentar chegar porque se non nos poñemos metas non imos cara a diante, nos relaxamos, non é tanto obrigar a dicir que no 2030 ten que estar feito senón de que todo o esforzo que haxa que facer deber concentrarse en tentar que nun prazo razoable, e falamos do 2030 porque falamos da Axenda 2030 e falamos de moitas cousas, canto menos tentar que os vehículos todos do Concello sexan destas novas tecnoloxías o resto, a necesidade é evidente e eu quero dicirle ao señor Santiago que algún non estamos en contra dos muíños nos montes o caso é que nos nosos montes sobran muíños, ao mellor hai que levar muíños para lugares onde non os hai para que consuman electricidade de proximidade esa é a gran diferenza entre as nosas posicións e as súas seguramente polo resto seguro que estamos de acordo.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Matizar unha aclaración que fixo Xurxo, en canto ao anterior compañeiro Rubén si que fixo moitas cousas pero si que hai que deixar claro que a adhesión ao PACES foi feito na outra lexislatura foi en febreiro do 2019 naquel momento a Concelleira de Medio Ambiente era Carla Pérez.

**Sr. Rodríguez Davila:** A proximidade facilítase entre outras cousas facilitándolle a vida as persoas para poder acercarse a eses comercios de proximidade e non aloxánda, vostede sabe perfectamente ao que me refiro xa o falamos no pleno anterior todo que non e ao final.., Hoxe escoitei que falamos aquí de Altri despois se etiquetou sacándoo de contexto como sempre do que dicía este portavoz, se escoitaba precisamente aos sindicatos de Comisións Obreras e UXT defendendo o proxecto de ALTRI, lle recordo, porque son os técnicos, como ben dicían eles hoxe nunha entrevista ampla que lle recomendo que escoite, que terán que ser os técnicos quen avalíen iso, non van a ser os políticos e iso vai ser viables ou no en función de eses criterios medio ambientais, como dixemos aquí no pleno anterior non vai ser unha decisión de esta Corporación de Salceda de Caselas. Nós nos vamos a abster salvo que quede ben claro e explicitamente nas cousas, que si vostede retira o punto dous e adapta e concreta iso do ano 2030, que nós estamos tamén de acordo en poñer unha meta para intentar chegar aínda que logo non se cumpra pero é importante poñerse retos, nós non temos ningún problema en apoialas, sempre e cando loxicamente deixe a porta aberta para poder traballar en ese liña ao igual que na moción anterior para seguir aportando entre todos no tema da mobilidade. Creo que o feito de que o punto un é clarísimo que respaldo totalmente de dotar ao noso casco urbano como mínimo de dúas, en aras de levar a cabo a instalación de eses dous puntos de recarga para vehículos enchufables eléctricos no noso Concello, no punto tres loxicamente e no punto cinco tan pouco é algo que nos preocupe polo tanto, como o fondo é a vontade política que do que se trata do respaldo desta Corporación a





que dende a Administración Local se tome a iniciativa de pórse a obra, non temos ningún problema si se retira ese punto dous que é controversia debería ser moito máis profundo o debate xa que ao mellor habería que contemplar a renda per cápita de cada propietario de cada vehículo de poder darlle esa tarxeta de recarga, que eu creo que está ben como estímulo para que a xente se anime a comprar máis vehículos eléctricos, hai que poñer un incentivo de ánimo para que o poidan comprar pero non é un criterio único e uniforme para todos nun tempo excesivo de cinco anos, é cuestión de debatelo, de traballalo, si se retira ese punto nós non temos problema en votalo a favor porque ao final como digo é un acordo político, unha vontade de traballar e mellorar a accesibilidade eléctrica.

**Sra. Tourón Domínguez:** Simplemente para aclarar unha cuestión, a adhesión ao PACES sería feita pola Concelleira Carla pero dende logo a elaboración e aprobación do PACES foi da man do Concelleiro Rubén González.

**Sr. Guerra García:** Retiramos o punto dous e en todo caso o último punto poñer que o setenio 24-30, que sexa o tempo de referencia para tentar que se efectúe a transición.

**Sra. Alcaldesa:** O portavoz do BNG xa manifestou que non había problema na retirada do punto dous e o terceiro mudar o texto por “tentar que o período setenario do 2024-2030 se efectúe a transición...”

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte acordo**

- 1. Que se dote á veciñanza dunha infraestrutura de carga eléctrica, con capacidade mínima para 2 vehículos ao mesmo tempo, segundo os criterios técnicos máis acidos, en consonancia coa información técnica que faciliten as empresas especializadas e interesadas na instalación.*
- 2. Establecer tarifas accesibles para vehículos de non residentes.*
- 3. Que os próximos vehículos adquiridos polo Concello de Salceda se correspondan cos modelos técnicos relacionados anteriormente.*
- 4. Tratar que no período setenario 2024-2030 se efectúe a transición a un modelo exclusivamente eléctrico, para todo o parque móbil do Concello de Salceda de Caselas.”*

**Moción URXENTE do grupo do PP sobre modificación da obrigatorio de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo.**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**“MOCION PARA A MODIFICACIÓN DA OBLIGATORIEDADE DE REXISTRO DAS EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS PARA AUTOCONSUMO**

*En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións -*



*currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.*

*O artigo 16.5 determina o seguinte: "Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas."*

*Dende o Partido Popular compartimos. o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostas polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.*

*Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galega era que as explotacións de autoconsumo, e dicir, (os galiñeiros que ternos en todo o territorio do noso Concello) deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.*

*As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuito, están tendo unha maior carga de traballo xa que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.*

*Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.*

*Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atenderás peculiaridades de cada zona.*

*En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.*

*Insistimos que o sector primario soporta unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.*

*Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación de Salceda de Caselas, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás*



*decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma."*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos ONCE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

**Sr. Rodríguez Davila:** O que pretendemos e que a Corporación aprobe a necesidade de instar ao Goberno do Estado a que modifique o Real Decreto 637/2021, que obriga entre outras cuestións a que as explotacións agrícolas, é dicir, aos galiñeiros que todos temos nas nosas casas, o que pretendemos e que se inste ao Goberno do Estado a que se modifique ese Real Decreto para que non sexa obrigatoria a inscrición dos galiñeiros que hai no noso Concello tal como está sucedendo agora por obrigatoriedade e por normativa, realmente o acordo e: *"Instar ao Goberno de España a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario o.* Isto afecta a todas as Comunidades Autónomas de España e loxicamente o que se di que é por si hai unha alerta sanitaria saber onde están os galiñeiros e telos localizados, creo que di ben claro o acordo sempre e cando as autoridades competentes en sanidade así o autoricen,. Creo que hai que preservar a saúde de todos fronte a cumprir ou non cumprir ou pedir ou non o requisito concreto. En definitiva, o que se pretende é que non sexa obrigatorio cada vez que un compre unhas galiñas ter que ir a rexistralas, é máis o engorro burocrático de trastorno e perda de tempo que realmente a efectividade, por sorte, temos poucas alertas sanitarias ao respecto.

**Sr. Troncoso Estévez:** O Real Decreto do que estamos a falar, o 637/2021, ao final o que pretende mellorar é actualizar a anterior regulación, temos unha antiga norma que era a 1084/2005 que regulaba a avicultura pero só a avicultura de carne, nin sequera a avicultura de posta, creo que 20 anos despois se fai patente que é necesario unha actualización desta normativa e ten outros criterios de produción, sanitarios, de benestar animal, medidas medio ambientais, hixiene creo que era case necesario, obrigatorio facer unha renovación de esta normativa. Este Real Decreto o que pretende, neste caso que nos compete, regular e ter un rexistro das explotacións tanto das que son destinadas a comercialización como neste caso as explotacións de autoconsumo. Ao final o rexistro que solicitan para este tema é un procedemento MR501, é unha comunicación previa moi simple no que o comunicante ten que poñer os seus datos e dicir que tipo de ave están explotando ou que teñen nas súas casas e o número de crías e é importante, iso si, a administración ter as coordenadas desa explotación. Ao final o que se pretende é ter un rexistro, poder ter un mapa xenérico de onde están esas explotacións, onde hai maior presión explotación agrícola pois en caso sanitario de que haxa un problema como a vimos coa COVID-19, hai outras infeccións como a gripe aviar, a viruela aviar, moitas outras enfermidades infecciosas que nun momento dado saltan como emerxencia sanitaria e tendo este mapa, este rexistro, é máis fácil tomar medidas de precaución sempre de cara a preservar a saúde das persoas. Será unha normativa que poida ser mellorable pero neste caso o tema do rexistro dos galiñeiros non é algo demasiado engorroso, é un procedemento que en cinco minutos o tes rexistrado e tampouco supón unha carga burocrática demasiado grande. O obxectivo deste rexistro é ter coñecemento do número de explotacións de autoconsumo e coñecer a ubicación exacta, considero que é importante ter controlado onde están os diferentes galiñeiros, explotacións



e no caso de haxa unha emerxencia sanitaria poder actuar sempre dentro da saúde das persoas.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Coincidindo en parte co que acaba de dicir o compañeiro do grupo de goberno, o obxectivo é facer un rexistro das explotacións agrarias este rexistro existe dende o ano 2011 e basicamente senón se rexistraron é porque a Xunta de Galicia non fixo fincapé no rexistro, ten a obriga de adaptar a norma, o Real Decreto a Galicia, evidentemente si a súa maneira de non aplicalo é non facendo o rexistro e asunto da Xunta de Galicia, a única variación que atopei deste Real Decreto ao anterior é que antes se consideraba que para autoconsumo se podían ter ata 50 exemplares e agora se reducen a 30, non escoitei ningunha protesta dixo polo que entendo que iso non lle molesta a ninguén.

**Sr. Guerra García:** Estamos a falar dun Decreto do Goberno Estatal do ano 2021 a estas alturas de abril do 2024 sobre todo o tema saltou porque se lles comunicou ás tendas agrarias que non podían vender á xente que non rexistrase os galiñeiros, pero é que nestes catro meses esta avalancha que houbo de rexistros despois destes catro meses esta moción-proposta en principio parece máis un lavado de cara, sobre todo porque o Partido Popular di que na negociación do Decreto a Xunta de Galicia presentou alegacións, non nos di cales. A cuestión é que aquí xa había un sistema instaurado dende o ano 2000 onde a Consellería tiña control dese tipo de situacións pero é que si o Goberno do Estado nos ven cunha norma que invade claramente as competencias da Xunta, porque a Xunta de Galicia ten as competencias exclusivas en materia de gandeira e si despois de fracasadas as negociacións dun Decreto o Decreto se publica e a Xunta de Galicia non impugna ese Decreto por invasión de competencias, indubidablemente alguén está fallando na administración galega, logo que iso se queira trasladar a outras instancias dicindo que estamos todos en contra dos rexistros dos galiñeiros sobre todo catro meses despois, creo que o 90% temos xa rexistrado o galiñeiro, ven tarde e o miramos como un lavado de cara porque lamentablemente a Xunta, neste caso, non soubo defender as súas competencias presentando as impugnacións que foran necesarias a este Decreto.

**Sr. Rodríguez Davila:** Cada un dixo o que consideraba, votarán o que consideren e a realidade é a que é, loxicamente vostede sabe que houbo ese debate no Parlamento de Galicia, que houbo acordo, que houbo na tramitación de exposición pública en todas as súas instancias houbo propostas de reclamación e alegacións da Xunta de Galicia ao igual que á lei electoral, aquela lei electoral que dicían que era inconstitucional, que invadía competencias do Estado xa miramos o resultado onte mesmo. Ao final non pasa nada, vostedes voten o que consideren, os veciños escoitaron a cada un de vostedes e nós loxicamente defendemos que non é lóxico que se teña que inscribir uns galiñeiros con dez, doce ou quince galiñas porque é un trámite burocrático que entorpece, incluso á propia administración, que non vai ser eficiente salvo aquelas casuísticas que así o considere polos responsables sanitarios e todas aquelas granxas que pasen de un determinado volume xa están obrigadas a cumprir eses requisitos, polo tanto a poucos entendedores poucas palabras.

**Sra. Alcaldesa:** Eu vou por un exemplo práctico, meus pais e meus avós teñen galiñas, por sorte e como ovos de casa que é toda unha fortuna e alarmáronse moito en principio, creo que como todo o mundo, chegaron á tenda agrícola e o propio señor lle fixo o papel, tróuxoo ao Concello o rexistrouno. Si realmente unha cuestión sanitaria vale menos a pena que perder cinco minutos no trámite eu creo aquí o que fallou foi a excesiva alarma por parte do Partido Popular, de maneira intencionada se xerou en vez de facer pedagogía e explicarlle á



xente en que consistía e sobre todo porque se facía.

**VOTACIÓN:** Realizada votación da moción esta **RESULTA REXEITADA** por **SETE VOTOS** en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1), e **CATRO A FAVOR** votos dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (4)

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2024-0250 de 23 de febreiro ata o núm. 2024-0460 de 19 de abril.**

Queda dada conta.

**Dación de conta da renuncia como concelleiro de Manuel González Rodríguez**

Dáse conta do escrito de renuncia presentado en data 22.04.2024 (Rex. Entrada núm. 2024-E-RE-896) polo concelleiro Manuel González Rodríguez, con DNI núm. 35567119B, pertencente ao grupo político do Partido Popular, polo que solicita: “Que con este escrito realícese a tramitación necesaria para levar a cabo a miña renuncia como Concelleiro da Corporación municipal de Salceda de Caselas”.

**Sr. Rodríguez Davila:** É unha decisión estritamente persoal, leva bastantes meses nunha situación familiar dura, creo que Budiño se perde un bo Concelleiro que non foi todo o bo o que lle gustaría ser, que os colectivos perden un bo veciño no sentido en que sempre participou activamente nas asociacións, Comunidade de Montes, Centro Cultural, Entroido. No fondo Manolo sempre foi un bonachón, eu sempre lle dicía o grande que é, o forte que sempre estivo, no fondo ten un corazón enorme, é un gran home unha moi boa persoa e solo desexarlle o mellor porque solo merece o mellor na vida, polo tanto Manolo hoxe non foi quen de asistir, simplemente dende aquí, dache mil grazas por todos estes anos, sobre todo porque fuches leal, fuches boa xente e en nome de todos os compañeiros que compartimos contigo todos estes anos, tanto no comité local coma os que tivemos a sorte de terte como Concelleiro, dende aquí agradecerlle todos estes anos, o bo compareñismo e desexarche o mellor da vida, un forte abrazo dende aquí, moito ánimo e xa sabes que aquí estamos para o que necesites.

**Sra. Tourón Domínguez:** Sinto que non estivese aquí para poder trasladarlle o que quero trasladarlle. Creo que cando chegamos á política penso, entendo e quero pensar que todos o facemos por mellorar a vida das persoas do pobo no que vivimos, estou segura que Manolo deu ese paso de ser Concelleiro, que non todo o mundo se atreve a dalo exactamente por esa razón, por mellorar a vida dos veciños e veciñas da súa parroquia e tamén de Salceda. O que quero e darlle as grazas aínda que fose por pouco tempo compartido, por dar ese paso, sexa no grupo de sexa e sobre todo que se recupere pronto, moito ánimo e moita sorte a partir de agora.

**Sr. Guerra García:** Desexarlle o mellor persoalmente.





**Sra. Alcaldesa:** No nome dos compañeiros e compañeiras de Movemento Salceda e no meu propio de Alcaldesa, primeiro darlle as grazas porque está demostrado e sobre todo co que está pasando estes días, que estar en política é de valentes e dar ese paso para min e de digno recoñecemento sexa no partido que sexa. Tamén contaba con ver a Manuel aquí, a verdade é que non o coñezo o suficiente si que inspira bondade e boa xente eu deséxello o mellor, moito ánimo e perdemos a un Concelleiro pero estou segura de que non perdemos un veciño que seguirá loitando polas causas sociais si a suade llo permite que agardo que así sexa.

As persoas membros do pleno quedan enteradas da sinalada renuncia.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### **Rogo: Arranxo do vial/carretera Bro. Torreiro (Soutelo) - Donello - Asunción (Entenza).**

*“Dada a situación lamentable en que se atopa o vial/carretera desde o Bro. Do Torreiro (Soutelo), - Donello – Ascensión ( Entienza), e proba delo son as fotos da situación actual que se adjuntan, e polo que se presenta o seguinte ROGO:*

*- Se proceda o arranxo do vial/carretera: Bro. Torreiro (Soutelo) - Donello - Ascensión (Entenza).”*

**Sr. Núñez Troncoso:** Este é un vieiro que comunica o barrio de Torreiro en Soutelo co barrio de Ascensión – Donello en Entenza, este vieiro leva 40 anos coa mesma capa de asfaltado, agora practicamente non existe, está deteriorado 100% a parte de que hai moitos camións con bastante carga penso que incluso habería limitar a carga poñendo unha sinal, porque de asfalto xa non queda nada son todo fochancas, este rogo era para que se proceda o arranxo de ese vial o antes posible e que se teña en conta limitar a o peso que circula por aí.

**Sra. Alcaldesa:** Recóllese o rogo. Coñezo esta estrada e sei que está nun estado lamentable, hai pouco trouxemos no Plan Marco a aprobación de dúas estradas no houbo cabida para máis, neste caso é da estrada no Agro en Parderrubias máis a estrada no Barreiro que vai ao lavadoiro do Rial, que tamén necesitaba unha actuación urxente, o meu compromiso como responsable de vías e obras e na vindeira oportunidade de financiamento é tratar de encaixar xunto con outras petición que van a vir a continuación como é un anaco de estrada en Entenza, de ver a posibilidade de que a súa reparación sexa íntegra, esta zona é complexa pola recollida de augas, polo tránsito de camións para as canteiras, é unha zona moi complexa si ben é certo que a veciñanza que transita por ela para comunicar dúas parroquias me consta que non é moita e recentemente viven de maneira habituación unha familia nunha casa de esta zona.

#### **Rogo: MELLORA DE PINTADO SINALIZACION VERTICAL NO ENLACE CA PO 510 NO ALTO DA BRAVA**



**Sr. Fernández Pérez:** Dada a situación no Alto da Brava (Parderrubias), enlace PO-510 onde a sinalización é nula nun tramo tan concorrido a diario e pola falta de visibilidade, especialmente en horario nocturno, por precaución e seguridade solicitamos os sinais verticais correspondentes ao igual que a sinalización pintada nos viais. Polo anteriormente exposto, presentase este ROGO para que se proceda a correcta sinalización no Alto Da Brava (Parderrubias).

**Sr. Rodríguez Canosa:** Recollemos o rogo, é unha zona que habitualmente é pintada polo Concello de Salceda de Caselas e si que xa preparemos o informe de necesidade de tanto de sinalización tanto vertical coma horizontal e procederemos a pasalo á Xunta de Galicia como entendemos que como zona de afección e coma enlace a PO 510 estrada autonómica pensamos que realmente son eles quen deben facer esa mellora, ademais a estrada non está inventariada, non é do Concello pensamos que o lóxico é que a Xunta se encargue de cubrir as súas propias estradas.

#### **Rogo: Arranxo de vieiro entre Fontán-Maceira**

**Sr. Fernández Pérez:** Debido o actual estado no que se atopa o vieiro entre Fontán-Maceira (Parderrubias) - adxúntase fotos-, anteriormente procedeuse o cambio de dita asfaltado quedando un trozo á mesma altura da poza de Fontán sen arranxar, hoxe en día o vieiro está cheo de considerables fochancas, rogamos que se proceda na maior brevidade posible ao arranxo do mesmo o tratarse dun vieiro moi transitado entre a unión dos barrios de Fontan e Maceira.

**Sr. Alcaldesa:** Este treito estaba nese listado de bacheo que realizan os empregados municipais do Concello agardando a unha actuación máis completa, pero si que é certo que hai uns buratos importantes debido ao uso que ten esa estrada e tamén as condicións meteorolóxicas que ten este inverno, creo que para a vindeira semana si o tempo nolo permite se fará.

#### **Rogos: Arranxo de vial en Barreiro e treito de senda do río Caselas**

**Sra. Rocha Núñez:** Este rogo trátase do camiño que vai do Barreiro en Entenza, que teño que agradecer que a día de hoxe xa está bacheado, pero tamén que se teña en conta que ese estrada sempre está así.

**Sra. Alcaldesa:** Aí hai un problema de auga, saímos a bachear esta semana pero en breve volverá a estar igual porque aí hai que facer unha canalización importante.

**Sra. Rocha Núñez:** Debido a actual situación do treito da Senda do río Caselas Fonte da Güin- Ponte do Picado, Entienza -adxúntase fotos - rogamos que se proceda no menor tempo posible ao arranxo e mantemento da mesma.

**Sra. Alcaldesa:** Efectivamente, o desbroce chegará en breve porque estaban a acabando a senda de Valentín Paz Andrade e seguidamente pasaría pola Lagüela e logo antes do



Regueiro de Budiño iran a Entenza. En canto ao mobiliario que percorre a senda está nun estado lamentable dende hai bastantes anos, precisa reparación inminente de feito a solicitude por parte da Concelleira de Emprego que dirixe Selene, é un obradoiro para a reparación e restitución dese mobiliario nas nosas sendas, que ademais son unha sinal de identidade, ademais esa foi a primeira que se inaugurou e que merece xa unha restauración completa.

**Sr. Guerra García:** Este rogo creo que xa se tratou algunha vez, o 7 de abril de 2021 un veciño de Formiga-Sta. María rexistrou no Concello unha solicitude da reposición dun espello, na vía publica que el accede dende a súa vivenda, feitos tres anos desa solicitude polo medio houbo outra solicitude por parte miña, houbo unha pregunta no pleno, houbo conversas informais, non se ten cumprido coa solicitude do veciño e propoñemos que para non prolongar este mal facer e ademais non dar crédito aos comentarios de que o Goberno local só atende aos seus simpatizantes, rogamos á Sra. Alcaldesa que envíe ao veciño solicitante por servizo de paquetería un espello para a reposición da estrutura existente por suposto cos portes pagados e coas instrucións para a súa colocación.

**Sra. Alcaldesa:** Asegúrolle que o espello a de chegar sexa simpatizante ou non de Movemento Salceda.

**Sr. Guerra García:** Hai menos de dous meses remataron os traballos incluídos no Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-24 unha obra da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia realizada por Construcións Fechi, a obra en cuestión realizouse na estrada que vai dende a Portela cara a Coto da Cruz, despois de estender o piche e antes de rematar a obra o piso tiña fochancas que quedaron alí para ver, por iso pedimos ao Goberno Local que deixe escrito a administración responsable para que proceda exixir da empresa que realizou a obra a corrección dos graves defectos que a vista está.

**Sr. Alcaldesa:** A empresa non acabou a obra, a obra está sen rematar de feito ía conxunta parella á a obra de Pedrabuxiña que hai que primeiro pagar e logo xustificar, en Pedrabuxiña aínda non colocaron a barandilla e nin as canalizacións de augas laterais que sufriron danos coas choivas e teñen que volver a facelas. A veciñanza xa me trasladou a aparición de buratos que inicialmente pensabamos que eran polos traballos que se realizaban no monte con maquinaria pesada pero non, o problema é máis profundo suponse que hai unha saída de auga que fai que eses buratos aparezan, quedaron de darlle solución tan pronto sexa posible o que lle aseguro é que non vamos a pagar esa obra sen que os problemas estean resoltos.

## PREGUNTAS

**Sr. Núñez Troncoso:** Por rexistro vemos que entraron tres facturas o día 12/02, o 20/02 e o 19/03 por un total de 9.946,20€ e no concepto nas tres pon o mesmo “servizos socio-culturais na Casa da Cultura de Salceda de Caselas” entendemos que corresponden ao custe da persoa que está a cubrir a baixa na Casa da Cultura, a pregunta é: si lle parece sensato que se estea a pagar unha media ao mes de 3.300€ por facer cinco horas e media ao día?

**Sr. Rodríguez Canosa:** Por desgraza un dos empregados municipais que cubre a Casa da Cultura sufriu unha baixa en novembro e as baixas non se poden previr, e evidentemente nos somos partidarios que manter a Casa da Cultura aberta aínda que nos custe un pouco máis



así, hai Concellos que prefiren ter edificios cerrados nós preferimos mantelos abertos e evidentemente todo se alongou máis do que do preciso e non se puido solventar doutra forma, evidentemente si en novembro cando esta persoa comezou esa baixa superamos que ía durar ata o mes de maio abriríamos un proceso de substitución pero a veces as baixas prevense para pouco tempo pero por desgraza vanse alongando, e aproveito tamén para desexarlle unha pronta recuperación a este empregado.

**Sr. Núñez Troncoso:** Isto ben sendo reiterado no tempo non é un caso puntual, porque non crean unha bolsa de emprego como acaban de tirar dela para cubrir o persoal de vías e obras, a vostede parécelle que pagar por unha persoa 3.300€ como estamos ben economicamente pois tiramos 3.300€.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Díxenlle que a baixa é dende novembro son algo máis de tres meses, xa lle dixen que si soubésemos no mes de novembro que esta baixa ía durar ata o mes de maio, porque o 2 de maio será cando se incorpore a persoa contratada polo Plan Máis Provincia, evidentemente faríamos un proceso selectivo pero moitas veces non se pode prever, en canto a bolsa para contratar a un operario esa é unha bolsa que xa existe, se fixo no seu día e o que se fai é contactar co xente que está na lista.

**Sr. Núñez Troncoso:** Respecto da actuación da orquestra “La Fórmula” todos sabemos que actuou o luns do Cristo, 17 de xullo de 2023, queríamos que nos aclarara como é posible que actuando o 17 de xullo de 2023 se adjudicara o contrato o 30 de novembro de 2023 despois de actuar cinco meses máis tarde, se nos poden aclarar isto.

**Sr. Rodríguez Canosa:** A orquestra actuou en xullo e a factura entrou en decembro e pagouse en decembro, non hai máis que dicir.

**Sr. Núñez Troncoso:** Porque se firmou o contrato cinco meses máis tarde de actuar a orquestra?

**Sra. Tourón Domínguez:** O día 27 de febreiro solicitei por rexistro copia da comunicación da Xunta de Galicia que resolve positivamente o cambio de obra no Obradoiro, falouse no último pleno que se cambiou a maioría da memoria que se había feito no obradoiro se cambiou por outra obra, e o 27 de febreiro metín este rexistro non se me contestou, a miña pregunta é si existe ou non esa resolución positiva de cambio de obra no obradoiro actual?

**Sra. González Luis:** Verbalmente si, formalmente maña se envía o documento que elaborou o director do Obradoiro, eu o corrixín, esta semana o arquitecto municipal deu o ok aos cambios e o que queda é un trámite formal que se enviará maña.

**Sra. Tourón Domínguez:** O que me está dicindo é que a memoria do obradoiro que comezou fai aproximadamente cinco meses e se cambio unilateralmente por parte do equipo de goberno se vai a enviar maña aínda?

**Sra. González Luis:** Non se cambiou unilateralmente porque toda a parte teórica que foi a que se estivo executando ata este momento non se cambiou nada, as obras que se van a executar gran parte delas son as mesmas que corresponden e o que se vai facer é deixar de facer unha obra que economicamente é inviable completamente e se vai facer outra que é viable e necesaria para poder acreditar practicamente esa teoría que se solicitou e, insisto, da que se

ten o ok de maneira verbal, falta enviar a documentación que está elaborada e que mañá se enviará.

**Sra. Tourón Domínguez:** Se segue insistindo, como se fixo en redes sociais e na prensa, de que se contestan as peticións metidas por rexistro en 24-48 horas, cando dende o 27 de febreiro non se me da resposta a isto, xusto o día despois de facer esa solicitude tivemos un pleno eu, sinceramente, pensei que o asunto quedara claro, si despois do pleno segue habendo algunha dúbida ao igual que hoxe, se fai a pregunta e se aclara.

**Sra. Alcaldesa:** Era a unha da madrugada e esta Alcaldesa decidiu que era conveniente levantar o pleno de feito permíteme a lei a partir dende as 12 e fíxeno a unha por iso non se fixeron preguntas.

**Sra. Tourón Domínguez:** O 7 de xullo de 2023 cobrouse polo seguro a indemnización polo sinistro que se había dado no CDL no Torrón, concretamente no despacho do axente de emprego, cobráronse naquel intre 7646,51€ puiden comprobar que segue sen facerse a reparación, non sei si se cobrou o seguro para seguir mantendo o despacho dese xeito ou se vai a facer algo.

**Sra. Alcaldesa:** Si se cobrou será para reparalo.

**Sr. Guerra García:** Os actos institucionais convocados polo Concello, falo da homenaxe a Rosalía, o 8 de marzo, porque non se comunican formalmente a todos os Grupos da Corporación?

**Sra. Alcaldesa:** Comunicamos moitos aos que vostede non asiste, cando hai actos institucionais non se lle veta a participación e son publicados sempre en redes sociais, en prensa, non lle veta a ninguén a súa participación, o certo é que son moitos e é complexo asistir a todos.

**Sr. Guerra García:** Dende as eleccións galegas do 2020 aproximadamente, non se colocan taboleiros de propaganda nas parroquias dos procesos de eleccións, considera este Goberno que a veciñanza das parroquias fora das eleccións municipais non ten intereses no resto das eleccións? Porqué non se colocan?

**Sra. Alcaldesa:** Creo que sempre se fixo é máis a peticións do BNG a través dunha denuncia na Xunta Electoral de Zona é colocar todos os taboleiros no centro da Vila que despois non utilizaron e so fixeron uso dos do centro.

**Sr. Guerra García:** Estou falando das parroquias, e non se colocan taboleiros. Sobre o última proceso de eleccións efectivamente o Goberno Local comunicou a Xunta Electoral a colocación na Praza do Concello, na Gándara, na Devesa, no Parque da Raiña Aragonta, e na rotonda de Rosalía de Castro, a noite de inicio de campaña electoral so había colocados taboleiros na Praza do Concello, colocándose posteriormente un taboleiro da Devesa, un na Gándara e un no Parque da Raiña Aragonta, pensa a Sra. Presidenta que o Goberno local cumpriu co comunicado á Xunta Electoral de Zona?

**Sra. Alcaldesa:** Creo que senón alguén o denunciaría é máis colocáronse ao día seguinte, colocáronse na Praza para a pegada e repito non había ningún cartel no resto dos taboleiros e





os empregados municipais colocáronnos en todos eses puntos que marcaban.

**Sr. Guerra García:** Non me está contestando, no Boletín da Provincia do 10 de xaneiro apareceron relacionados os locais que este Goberno Local puxo a disposición dos partidos políticos para a campaña das eleccións galegas, o BNG solicitou a Xunta Electoral o uso do local da Devesa o 9 de febreiro e preguntándonos porqué non se exclúe ese día do uso de ese local cando se sabía que ese local esta ocupado polas ANPAS con actividades relacionadas co Entroido? Porqué se mentiu as ANPAS dicindo que o BNG non tiña comunicado nada ao Concello sabendo que o Concello cede os locais coas limitacións que estime oportunas nunca é quen autoriza o uso dos locais cedidos?

**Sra. González Luis:** Eu contesto á última porque coas ANPAS falei eu, non se lles dixo que non o comunicaran ao Concello, o que se dixo foi que se solicitou polo medio correspondente pero que a min, eu Selene que son a Concelleira encargada de xestionar a Devesa, non había visto esa solicitude porque non me chegou a min polo tanto eu non era coñecedora de iso e que é certo que si vostede ao igual que todas as persoas dos colectivos sociais deste Concello, como fan os xubilados, como fan as Mulleres Rurais, como fan as ANPAS, como fai calquera grupo de rapaces, veciños que queren utilizar a Devesa se poñen en contacto comigo ou van a entrada do Concello e din o día x podemos utilizala, eu son coñecedora falo e organizo, neste caso non lle dixen nin que elas non puiden usalo nin que vostedes o puideran usar o que dixen foi que podíamos axustar os tempos para que ningunha das dúas accións se vise prexudicada, e creo que se fixo a actividade da ANPA e que se fixo a voso mitin.

**Sr. Guerra García:** Quero lembrarlle que o Concello cede os locais e as organizacións políticas que fan actos non teñen que solicitarllo ao Concello senón a Xunta Electoral para iso están cedidos os locais.

**Sr. Guerra García:** No pleno do 21 de decembro o Sr. Concelleiro de Mobilidade fixo a exposición do proxecto da urbanización rúa Ador e un treito da rúa Rafael Tilve Adrio, o BNG xa propuxo nese pleno que para dar continuidade ao tránsito de vehículos para rúa Rafael Tilve Adrio ata o final da mesma non era preciso agardar a realización das obras, na medida que a veciñanza continúe en expectativa con unha solución á continuidade de vehículos ata o final da rúa Rafael Tilve Adrio onde a Sra. Alcaldesa se fixo unha foto anunciando unha solución a ese problema, pensa o Goberno Local agardar a realización de esas obras para mudar o tráfico no cruzamento da rúa Rafel Tilve Adrio coa rúa Rosalía de Castro?

**Sra. Alcaldesa:** non, non é necesario agardar tal foi o compromiso despois das reunións e encontros coa veciñanza, o que si temos que agardar e a pintar como temos pensado o casco e aproveitar para facer ese cambio, a veciñanza tamén está informada disto.

**Sr. Guerra García:** A Lei 3/1983 do 15 de xullo de normalización lingüística establece que a única forma oficial dos nomes dos lugares é a Galega, sabe a Sra. Alcaldesa que este Concello incumpre esa lei emitindo certificacións do Padrón co topónimo La Coruña?

**Sra. Alcaldesa:** Non, a Sra. Alcaldesa non é Deus e non chega a todos os recunchos e a todos os documentos que emiten os técnicos e técnicas deste Concello que non dubido que o fan coa mellor vontade pero son humanos e nos equivocamos.

**Sr. Guerra García:** No 2014 a Confederación Hidrográfica publicitou uns proxectos de



saneamento nas parroquias de Soutelo e Entenza, recentemente vostede e o Sr. Concelleiro Marcos, estiveron na Confederación Hidrográfica, que hai de eses proxectos que daquela estaban valorados en dous millóns e pico e euros?

**Sra. Alcaldesa:** Eses proxectos son obsoletos, xa reformulamos parte deses proxectos concretamente o do saneamento de Entenza que foi presentado á Confederación o técnico nos visitou recentemente, estamos facendo o mesmo con Soutelo traballando a reo para que polo menos un treito de saneamento da parroquia de Entenza sexa unha realidade e conta coa cofinanciación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, porque como vostede saberá se firma sempre convenios 80-20 ao igual que fai Augas de Galicia tamén.

**Sr. Guerra García:** Onde quedou o compromiso da Sra. Alcaldesa respecto da nosa proposta de modificación do ROM.

**Sra. Alcaldesa:** Realmente sei que teño ese compromiso como teño moitos outros coa veciñanza de Salceda e todos lles darei cumprida resposta.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

